

NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO

XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

ANO 1 | Edición nº 2 | Marzo de 2015 | Precio 2 euros



Xantar 2015

Expourense celebrou a XVI edición do Salón de Gastronomía e Turismo. **Páxina 14**



Cartoonxira: humor e compromiso

As caricaturas máis destacadas do ano 2014 **Páxina 32**

Casa de Galicia en Madrid

Exposición itinerante "Manuel Rodríguez López" **Páxina 23**



Pacto do Rio Minho Transfronteiriço

VI Congreso Galego de Medio Ambiente & Saúde LV Curso de Saúde Ambiental

O Grove, punto de encontro de 40 expertos, 127 ambientalistas sanitarios, alcaldes e autoridades de Galicia **Páxina 27**

Novo edificio xudicial de Ourense

A Xunta investiu 18 millóns de euros **Páxina 30**



■ Autoridades galegas e portuguesas asinantes do Pacto do Rio Minho Transfronteiriço

*a óptica ó servizo
das seus ollos*

Óptica mahen

RÚA DE ORIENTE, 10 • TLF. 986 64 01 74 • PONTEAREAS



Opinión



OPINIÓN

Nicolás Xamardo González

■ Dicía A. Badiou, mestre que me honra coa súa amizade, que o/a oportunista, tipoloxía subjetiva detestable onde as haxa, é unha figura á que hai que seguir e analizar, xa que os seus movementos proporcionannos unha información valiosísima sobre o momento político, sobre a correlación de forzas conservadoras/transformadoras nun momento histó-

rico determinado. Si o/a oportunista achégase a un movemento transformador, estanos a indicar a fortaleza deste e, á vez, que as forzas conservadoras, o Estado, están en crise; no caso contrario, o/a oportunista situaríase á beira do poder en actitude crítica e belixerante con calquera proxecto de transformación da orde vixente.

Non teño a menor dúbida de que os dirixentes de Podemos saben que o risco de sufrir unha verdadeira invasión de arribistas de todo pelaxe e condición é algo real tralas expectativas electorais deste movemento político. Outra cuestión ben distinta é dispoñer dos medios para poder detectalos a tempo e poñelos no lugar que lles corresponde antes de que logren

O oportunismo, cancro de Podemos

o obxectivo de infiltrarse no movemento.

Certo é que o coñecemento do que dispoño é limitado para o Estado, máis suficiente no caso da candidatura (Euskal Hiria) que ven de gañar en Euskadi, encabezada por Roberto Uriarte, alumno avantaxado da referida figura subjetiva. E dígoos con coñecemento de causa por telo padecido na propia carne. Este profesor foi un colaborador destacado na represión do movemento dos profesores despedidos da UPV/EHU en loita por un profesorado propio con contrato laboral. Estes, durante máis de 15 anos tras unha pancarta ás portas da

UPV/EHU, sufriron todo tipo de agresións, sancións, xuízos e desterros. Recordemos que foi ese movemento o que posibilitou a existencia do contrato laboral hoxe vixente nesta e nas demais Universidades do Estado. É por iso que sexa lóxica e inevitabel a seguinte pregunta: Como é posíbel que alguén, servidor fiel da institución universitaria, que se opuxo activamente aos escraches dos profesores despedidos contra os responsables da represión, que colaborou nos expedientes sancionadores, que foi un dos que ordenou que se lles impedise circular libremente polo campus de Leioa e acceder á Facultade de

Ciencias Sociais e da Comunicación, chegue a ser Secretario Xeral de Podemos en Vizcaya?

Como alguén da talla moral de Roberto Uriarte, incapaz da menor traza de solidariedade coas innumerables causas, movementos e iniciativas que tiveron lugar na UPV/EHU ao longo destes anos, figure como o adalide dunha "cidadanía de persoas conscientes, críticas, activas e responsables" (tal e como aparece no seu programa)? Si non fose porque se trata de algo serio, soaría a chiste de mal gusto toda esta montaxe.

En fin, vexo que traballo non lle vai faltar a Podemos para limpar a nova organización política de oportunistas dispostos a medrar nela. Sorte na tarefa.

Veñen aí, cargados de promesas que despois incumprirán. É o de sempre, só quedan uns meses. Ollo! Uns queren conservar o poder e outros facerse con el. A nós, quédanos sufrilos. Resultaron incompetentes para prantexar o país, seguen a carreira da xestión e fano moi mal. Ata aquí nos trouxeron coa incapacidade

de pensar en persoas, só en números. Estamos vendo como uns e outros escenifican de novo a mentira e de paso dismantelan o entramado social que, no seu día, debería ser garante de equidade, liberdade, traballo

Cheiro a eleccións

digno ou dereitos sociais. Os números son fríos, inhumanos cando se trata de aplicalos en xente. Non atenden razóns de necesidade, comprensión ou a/efectos. Moito menos cando se poñen, sibilamente, nas mans de xestores que se deixan caer na competitividade, inmobiliarias e inmobiliastas, pelotazos, enchufes, friames caducados, especulacións, fraudes, clientelismo corrupto dos seus privilexios e a nós, quédanos o quebranto sociais e esa sensación de saqueo, tan amarga. Pero coidado, desta volta, votamos milleiros de esquecidos desempregados, xubilados, desprotexidos, emigrantes, desafiuizados, enfermos, pobres! Ofrécennos un futuro hipotecado por ricos máis ricos e moitos máis pobres, aínda máis empobrecidos! Dinno tamén que o sistema, tal como é, é insostible. Vou evitar o xuramento, ...todos temos diante a evidencia, na que se ve como rouban e levan, directamente das nosas huchas, os nosos aforros a mancheas! A xustiza paralizada, sen capacidade nin vontade de reacción. Milleiros de expedientes agardan vez! Eran a última esperanza para, de verdade, vertebrar esta sociedade calamitosa e desigual. Calan elegantemente. Nin sequera se opoñen ás leis inxustas e contraditorias que inventa-

ron para inmovilizarnos diante do vómito e o insulto. Leis que nos penalizan, decretan contra os nosos dereitos de reunión, de protesta, de reclamar transparencia, de demanda de xustiza, de dereitos sanitarios, educativos e lingüísticos. E isto pasa no gobernos do Estado pero tamén, aumentado por unha segunda administración que aínda aperta máis o xa apertado, en Galiza, conculcando elementos básicos de sobrevivencia e entendemento. Tiralevitas que foron vindo a menos e pretenden perpetuarse en cargos, sempre no alto dun poleiro no que mandaban a gusto! Abondan en leis que contradín as propias leis de superior rango. Todo está programado para confundir e abrir máis fendas. Hai que desfacer a nosa presunta participación, que lles incomoda. Dun só golpe coutan liberdades fundamentais, rompendo calquera pacto posible pois reducen a calidade de vida de case todos. Temos que espertar deste mal soño, acadar a vontade de ser quen somos, demostrar que nós, non estamos mudos nin paratizados no vicio como nos din. Mirádeos na parrilla de saída, xa demostraron ser quen son. Sabemos que son culpables desta desfeita e que merecen ser arredados de calquera posto de responsabilidade. Son culpables, non podemos deixar que se para-

peten nas portas xiratorias da pillaxe eterna e o fraude, porque quen pagamos somos nós! E sempre saímos perdendo, confiados nas promesas de rectificación, nos silencios. Non o fan por falta de intelixencia, que tamén; fano por falta de vontade para servir ao pobo que os elixiu. Fano tamén por mala fe, faltos de honestidade e transparencia nos seus actos. Vede como impiden as investigacións que os poñen en sospeita, desaparecen discos duros e papeis que os poidan implicar. Evádense e así, non devolven o que levaron. Case todos os medios de comunicación son cómplices do silencio, están sometidos ás subvencións e apañs. Desenténdense de calquera obriga, ...e así o sistema non funciona. É tempo de cambialo e de cambialos a eles, a todos eles, os que deica aquí nos trouxeron!



Baldomero Iglesias Dobbarrio

Mero



Por: Xosé González Martínez

Presidente do Foro E. Peinador.

Un fiscal galeguista con auctoritas

Repaso a historia da institución do ministerio público en Galicia e non atopo na relación ningún titular que se distiguise pola proximidade aos problemas reais da sociedade, e moito menos coa sensibilidade ou curiosidade intelectual pola cultura e lingua do país. Neste, coma noutros ámbitos institucionais, arrastramos un déficit de galeguidade preocupante. Os que acceden a un posto de alta responsabilidade pública van servir cegamente ao partido que os nomeou, e de paso tirarlle proveito persoal. Máis nada. Que razón tiña don Ánxel Fole cando en certa ocasión, coa súa rexoureira retranca, respondeulle en castelán galeguizado a certo gobernador civil que acababan de presentarlle: “Si, señor, a gobernadores civiles he conocido yo a muchos”. Eu tamén coñecín a moitos que o tempo arrombou. De vivir hoxe estaría admirado do labor desenvolvido nos últimos dez anos polo Fiscal Superior de Galicia, Carlos Varela García, facéndoa máis visible na sociedade, aproximando a institución aos movementos sociais, ao tempo que lle imprimiu un novo estilo ao desempeño desta función xurisdiccional.

Nas memorias anuais da institución quedan reflectidas para os historiadores a súa preocupación polos problemas da cidadanía á que estivo sempre disposto a ouvir, e procurarllles solucións viables. As súas actuacións estiveron marcadas por medidas cun carácter preventivo, como así quedaron patentes as moitas iniciativas para facer fronte aos problemas medioambientais, os incendios forestais, a mediación como alternativa á xudicialización dos conflitos, e a defensa do patrimonio que as autoridades eclesiásticas, por exemplo, ignoraron. Que certas e fundadas eran a súas sospeitas sobre a fragilidade do mesmo e que pouco caso se fixeron ás medidas que propuña!. Significativas e novidosas foron as súas propostas para combater o andazo da corrupción. A el acudiron as asociacións de afectados polo timo das preferentes, asumindo a súa defensa. O Fiscal Superior de

Galicia actuou en moitos casos como un verdadeiro Valedor do Pobo, mentres o titular desta institución agochado no seu tobo non se deixaba ver. Pero amais de todas esas ac-

actuacións, todo o contrario, é louvado e recoñecido o seu carisma. Un exemplo de función institucional que deixa unha grata memoria. Exerceu a “postestas” con “auctoritas”, un bi-



cións, que non tiveron parangón noutras fiscalías superiores do resto do Estado, velaí está outra preocupación á que soubo responder coa coherencia propia de quen sinte Galicia con verdadeira emoción: o uso da lingua galega en todas as actividades escritas e públicas. Carlos Varela falou e escribiu sempre en galego. E fixoo con total naturalidade, sen molestiar a ninguén, pero facendo valer o seu dereito a se expresar nun idioma que é o seu e ao que leva anos prestándolle transcendentes servizos para normalizalo nos usos xurídicos. O Fiscal Superior de Galicia estivo presente durante estes dez anos en todos os actos para os que foi chamado de afirmación da identidade galega pronunciando emotivos e sinceros pronunciamentos inzados de novidosas achegas, afastado dos exercicios retóricos de contidos ocos que tanto se estilan. Rematado o seu mandato, sen que ninguén cuestione as súas

nomio pouco común. Velaí o seu gran mérito. A partir de agora a súa autoridade, xurídica e humana, vai ser un inexcusable referente no galeguismo cos seus devalos históricos maxistralmente precisados por Díaz Castro: “Un paso adiante e outros atrás, Galicia/e a tea dos teus sonos non se move”. O próximo día 13 de marzo ofrécelle unha homenaxe de gratitude que será un canto á esperanza nunha Galicia máis galeguizada.

*Claudio Movilla, xuíz da liberdade*

■ Castro Caldelas ten na súa historia dous fitos que a venellan á lingua galega. Un é o Foral do Burgo da vila, primeiro documento notarial redactado en lingua galega de

quizofrenia.

A honestidade e lucidez das súas ideas quedaron reflectidas nos centos de artigos que publicou en diversos medios de comunicación. Non se lle esgallou a pluma cando condenou o GAL, unha organización criminal creada desde os sumidoiros do Estado, ou a lei Corcuera que violaba os dereitos fundamentais das persoas, e os conseguíntes desmáns das actuacións policiais. Claudio, como lembra un amigo seu da carreira xudicial, convertérase nun xuíz independente, sen doada acomodación ao Poder. Era consciente de que nun Estado Constitucional de Dereito o principio de independencia dos xuíces ten un profundo valor democrático, e neste sentido orientou sempre o seu labor profesional. Por estas virtudes deixou unha forte pegada en Cantabria e Andalucía onde foi presidente dos seus tribunais superiores de xustiza.

Colaborou activamente coa Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística para impulsar o uso do galego nas administracións públicas. Desá relación xurdeu a idea de publicar o 25 de marzo de 1985 a primeira sentenza en lingua galega, que foi o sinal para o comezo dun movemento regaleguizador das administracións de xustiza e usos xurídicos, que había cristalizar anos despois coa Irmandade Xurídica Galega.

Claudio Movilla foi, en atinada definición dun compañeiro seu de xudicatura, Perfecto Andrés Ibañez, un xurista comprometido que profesou e practicou con paixón a máis notable forma de entender a orde xurídica. Como garantía de espazos de liberdade e como dique e resposta aos malos usos do poder. O seu exemplo tráeme a memoria do seu amigo o xuíz Moreiras, que en 1975 aconselloume fuxir do xulgado e ditar unha orde de busca e captura antes que privarme da liberdade que a lexislación represiva da ditadura franquista me negaba.

Xuíces da liberdade. Por esta razón o Concello de Castro Caldelas o próximo mes de marzo renderalle a Claudio Movilla unha homenaxe a súa memoria e exemplo.

1228, e o segundo, protagonizado por un xuíz caldelao, Claudio Movilla Álvarez, que é o autor da primeira sentenza da idade contemporánea publicada no noso idioma en 1985.

Coñecín a Claudio Movilla na década dos anos setenta nalgunhas das reunións que se celebraban para artellar unha alternativa á ditadura franquista. Representaba a Xustiza Democrática, unha asociación clandestina formada por xuíces, fiscais e secretarios xudiciais que tiña como obxectivo democratizar a organización da xustiza. Axiña xurdeu unha amizade entre nós que había durar deica o seu pasamento que aconteceu sendo maxistrado do Tribunal Supremo. Soubo resolver as contradicións de conciliar a clandestinidade dos labores de oposición a un réxime xa en decadencia coas esixencias da función xudicial que lle provocaban, como el dicía, certa es-

Opinión

Por: Manuel Rodríguez Alonso

O río que nos une

O historiador Armando López Carreira acaba de publicar estes días en edicións Xerais un fermoso ensaio histórico-xeográfico: *O Miño. Un caudal de historia*. López Carreira é un dos nosos grandes historiadores, como ben demostrou hai cousa de ano e medio coa súa *Historia de Galicia*, publicada tamén por Galaxia. Agora neste ensaio, dun xeito ameno e documentado, describe moitos lugares e paisaxes que percorre o Miño, desde o seu nacemento ata a súa desembocadura, e vai facendo non só a descrición xeográfica, senón tamén histórica destes espazos, de tal xeito que o libro resulta unha sorte de historia amena de Galicia, pois alí aparece desde a Prehistoria ata a historia recente da Galicia, asolagada polos encoros, coma o de Castrelo ou Portomarín, sen deixar de lado as loitas dinásticas e nobiliarias da Idade Media, os Irmandiños ou a chegada do ferrocarril a Ourense, que cantou Curros. E todo iso a partir do percorrido do noso Miño, que o autor en acertada metáfora define como *vella columna vertebral das cidades galegas*.

Co autor, percorremos os lugares que baña o Miño, desde o Pedregal de Meira ata a súa desembocadura, pasado Tui. E como estes lugares están cheos de historia, desde a Prehistoria ou a romanización ata a actualidade, a paisaxe vese animada polos feitos e personaxes do pasado. Vemos o Lugo ou Ourense romanos, mais tamén o Lugo da Asemblea de 1918 das Irmandades da Fala ou a cidade onde se desencadeou o mítico levantamento de 1846 de

Solís. Do mesmo xeito, aparece o Ourense romano ou medieval das loitas contra o bispo feudal, mais así mesmo o da chegada da primeira locomotora, gabada por Curros, ou o da oposición ao franquismo exemplificado pola protesta, en 1966, perante a construción do encoro de Castrelo de Miño, onde Otero Pedrayo cuñou aquel feliz *feudalismo hidroeléctrico*, para referirse ás prácticas de Pedro Barrié, conde de Fenosa, por obra e graza de Franco, e cuxo nome hoxe, para oprobio de galeguistas progresistas, é *limpado* ao aparecer como mecenas da Real Academia Galega coa fundación que leva o seu nome. Canto nos desgusta aos galeguistas progresistas, cando consultamos o dicionario da Academia na súa web atopámonos co nome de Barrié de la Maza! En fin, así van aparecendo perante os ollos do lector, na súa paisaxe actual e mais na súa historia, os grandes lugares que percorre o Miño.

Cómpre gabar así mesmo a visión progresista que da nosa historia e desenvolvemento, comezando polo propio galeguismo, nos ofrece López Carreira. Estes días que está tan de actualidade a crítica a visión de Galicia como o pobo marcado pola saudade e mais a sentimentalidade, que o fai aparecer como un pobo submisos ao poder e mesmo incapaz de se gobernar por si mesmo ou tomar decisións de seu, que nos ofrece o ensaio, do que falaremos aquí proximamente, Galiza, um povo sentimental?, de Helena Miguélez-Carballeira, López Carreira amósanos unha Galicia que, en diferentes momentos da súa historia, cos irmandiños, cos

provincialistas, cos agrarios, cos galeguistas-progresistas do 36 ou mesmo co antifranquismo tentou ser dona do seu destino, foi quen de rebelarse e sempre nunha liña de defensa do progresismo e defendendo, desde o local e propio, principios de universalidade.

Quero salientar así mesmo a interpretación que fai do Miño como fronteira con Portugal. Malia aparecer o Miño, xa desde a Idade Media, como fronteira con Portugal, esta

a independencia política do reino de Portugal desde a Idade Media, o factor decisivo na separación Galicia-Portugal foi a chamada Guerra de *Restauração*, 1640-1668.

Desde 1580 Portugal formaba parte da monarquía hispana dos Habsburgo, mais en 1640, como ben sinala o autor, rebelárase contra a política castelanizadora do Conde-Duque de Olivares. Foron máis de vinte anos de combates e a fronteira miñota galega tivo un triste protagonismo. Tropas españolas ocuparon Monção. Pola súa banda, as tropas portuguesas saquearon Bouzas e Salvaterra estivo unha ducia de anos ocupada polos portugueses. Mais a fronteira galega con Portugal,

ao contrario do que acontecía coa de Estremadura ou outras máis ao sur, sempre se caracterizou pola súa *permeabilidade*, mesmo contravindo as disposicións legais. O autor atribúe isto a que desde o propio nacemento do reino de Portugal, no século XII, a nobreza galega está fortemente implicada en Portugal. Deste xeito o fillo de Henrique de Borgoña, o primeiro rei de Portugal, era alcu-mado *galego*. Malia o enfrontamento Castela-Portugal que

trouxo o triunfo da dinastía trastamarista no reino de Castela, non se quebraron as relacións populares entre as dúas bandas do río. A Guerra de Sucesión, tras a morte de Carlos II, volveu suscitar o enfrontamento bélico con Portugal

durante trece anos. Mais o autor sinala de novo, que esta guerra coma as outras, non conseguiu converter o Miño en barreira con Portugal: *As guerras non semellan ter deixado cicatrices. Nunca os portugueses foron percibidos polos galegos como auténticos estranxeiros, a despeito das férreas fronteiras trazadas polos Estados modernos*.

Xa que logo, o autor salienta que o Miño non constitúe en ningún caso unha fronteira infranqueable, senón que, mesmo nos tempos de guerra, as relacións efectivas entre as dúas bandas, a galega e a portuguesa, sempre estiveron por enriba das fronteiras artificiais dos Estados. Algo similar acontece coa lingua, pois, en certo xeito, o portugués é o galego do sur. As diferenzas que hai hoxe entre galego e portugués –e máis se consideramos as variantes do galego próximas a Portugal, posiblemente non sexan maiores que as que hai no castelán entre o español académico e mais o dialecto andaluz. O pasado 18 de febreiro, a partir da Iniciativa Lexislativa Popular Valentín Paz Andrade, asinouse na Real Academia Galega entre a Xunta de Galicia e a Embaixada de Portugal, o *Memorando para a Introducción do Portugués no Ensino Medio*. Devagar, mais como debe ser, o galego vai entrando así no marco da lusofonía. *Xa son dous mil os alumnos e alumnas que cursan galego como optativa no Ensino Medio*, segundo as declaracións neste acto do propio Presidente da Xunta.

Este ensaio de López Carreira non só sitúa o Miño como eixe da historia de noso, senón que ademais demostra que o Miño nunca foi realmente unha fronteira con Portugal. Por iso, cómpre lelo e tamén comentalo nos nosos centros de ensino

O recuncho do lector



fronteira, como demostra o autor, non é unha fronteira *impermeable*, senón tremendamente *permeable*, cousa que non acontece coa fronteira Galicia-Portugal de Castela, Estremadura ou Andalucía. Presenta como xorde esta fronteira Galicia-Portugal, tomando como referencia o Miño, e desmostra que, malia

Abzil PUBLICIDAD

SEMPRE LITEIS

www.abrilpublicidad.es

ROSQUILLAS Y MELINDRES

CONFITERIA ANCLA

Estrada de Ribadetea, s/n
PONTEAREAS - Telf: 986 641 874

Por: Jose Viale-Moutinho

Apresenta33o do romance “N3o h3 Seda nas Lembran3as” do escritor alentejano Jorge Serafim

N a pasada sexta-feira, pelas 18 horas, estivo na UNICEPE o escritor alentejano Jorge Serafim no lan3amento do seu romance *N3o h3 seda nas lembranças*



N3o h3 Seda nas Lembran3as
3ncora Editora

(3ncora Editora, Lisboa). Comentou a obra Jos3 Viale Moutinho.

Jorge Serafim 3 uma presen3a frequente na televis3o e nos teatros sobretudo na sua qualidade de humorista. Ali3s basta que se procure no googleyoutube jorge serafim para apreciarmos o seu grande talento de contador de hist3rias



■ Jorge Serafim



e comunicador. Durante uma d3zia de anos trabalhou na Biblioteca Municipal de Beja na 3rea da promo33o do livro e da leitura e h3 vinte anos que percorre o pa3s contando hist3rias. Igualmente tem dado espect3culos em Espanha, Luxemburgo, Cabo Verde, Macau, Canad3 e Argentina. Publicou uma pe3a de teatro, dois livros de poemas e mais dois livros para crian3as.

Por: Pablo Gonzalez Mari3as

Torga, deste lado

E n xaneiro de 1995 faleceu Miguel Torga. C3mprense vinte anos dende o pasamento deste portugu3s-galego nado en S3o Martinho de Anta, Vila Real, o grande literato e saudoso poeta de Tras-Os-Montes. Non son amigo da maxia dos n3meros “redondos”. Pero neste caso 3 unha excusa perfeita: vinte anos non son nada, di o tango, pero poden ser unha eternidade.

Para moitos galegos, Torga 3 un s3mbolo da nosa conciencia, da nosa reconstrucci3n identitaria, da nosa ambigüedade creativa -da d3bida nace o pensamento-, do end3mico lirismo noso, da nosa rendici3n hist3rica e, ao tempo, da nosa reprimida rebeldia, do noso inconformismo irreductible que Pessoa, seu amigo, chamari3 desassossegado, na s3a vers3n non activa. S3mbolo non s3 para a vida individual, sen3n tam3n para o sentimento da vida colectiva de galegos e portugueses, dos teixos e carbalhos seculares que acompa3an o noso cami3no centenario de irm3ns administrativamente afastados. E da unidade territorial.

3l ti3a este sentimento a respeito de Hespan3a e de Galicia. Mas este 3 un sentimento que a penas son quen de entender para al3 de Camponaraia. Cando Torga, no seu “Portugal” (O Minho), fai aquel percorrido sublime entre tel3rico e espiritual, que o leva subindo dende Portela do Homem, por Lage do

Sino, Altar de Cabr3es, Carris, Salto do Lobo, Nevosa e Fonte Fr3a... ao chegar ao cumio pronuncia-escrebe as palabras sagradas da s3a fus3n luso-galega: “Agora sim! Agora pod3a, en boa consci3ncia, estender a minha ternura lusiada por toda a portuguesa Galiza percorrida”. O noso trasmontano est3 a contemplar as administrativas terras portuguesas do C3vado, da Cabreira, do Ger3s... 3s que chama nese momento de emoci3n “a portuguesa Galicia percorrida”. Portugal 3 Galicia, Galicia e Portugal.

Por3n, a mirada dende Castela 3 moi distinta. Comentando o mesmo texto literario, unha profesora da Universidade Complutense de Madrid di nun seu estudo que Torga, vislumbrando dende unha altura o horizonte de Galicia, pode ent3n estender a ela o seu afecto. Pero non, Torga no est3 a mirar para as terras de Galicia, contempla dende o cumio 3s terras de Portugal, 3s que mira como “Galiza portuguesa”.

Este dobre mirar 3 o que moutas

vezes non se comprende. Mais non 3 ambigüidade. En realidade, Miguel Torga era un home pensante e “sentinte” e cuestionaba tudo dende o plano intelectual e mesmo dende o afectivo: tudo, as chairas imensas de Castela, a s3a sequidade, e o minufundismo da Galica portuguesa, que vi3a sendo cantada dende o lirismo feble de S3a de Miranda, do que non parece gustar moito (“s3 vale a pena -dici3a- en momentos fugaces de ocasional pureza emotiva”). Forzadogmatismo-crueldade fronte a entendemento-relativismo-pacifismo. Torga vive neste dilema, que n3s, os galegos, entendemos e outros non son quen de albiscar. A mesma profesora di, cando comenta as viaxes de Torga por Espa3a, que “Galicia es la regi3n que quiz3 le inspire m3s afecto”. Atendede ben: “regi3n” e “afecto”. Que lonxan3a, que interpretaci3n fr3xida, sen a penas alma!, Portugal e Galicia, d3as “rexions” que se te3nen afecto!

Torga non necesitaba falar de Galicia porque, como dixo un d3a Manolo Rivas, “en realidade 3l era galego da fronteira”; “hai unha materia matricial, un polen, com3n: na r3a, todo a desfacerse en auga e el por dentro da xanela a escribir; sent3a o verde com3n como “monocr3nico banquete”; defend3a a dignidade dos emigrantes, dos que ti3an que partir para “3r semear noutras leivas o suor que o patrio ch3o lhe rejeitaba”; e sempre a “matar saudades”. E sempre a Terra, “paix3o polo tel3rico”.



Por: Uxi3-Breog3n Di3guez | Profesor da Universidade da Coru3a

O ‘Consello de Galiza’ sete d3cadas despois (II)

Castelao, Alonso R3os, Villaverde e Su3rez Picallo

N o encontro fundacional do Consello de Galiza d3banse cita o propio Castelao e Ant3n Alonso R3os, as3 como Elpidio Villaverde e Ram3n Su3rez Picallo. Os catro ‘deputados galegos’ e galeguistas eleitos das Cortes republicanas no ‘36. Asentaban a s3a iniciativa sobre este feito e o proceso soberanista galego previo desde 1873 (I Rep3blica espa3ola), compromet3ndose a seguir defendendo o dereito de ‘autodeterminaci3n’ (sic) para o pobo galego ‘que representan’ (sic). Castelao asumir3a a presidencia do Consello de Galiza e Alonso R3os a secretar3a. Apresentar3anse os catro fundadores e primeiros asinantes do organismo como “...os 3nicos deputados galegos que viven refuxiados en Sud-Am3rica...” unidos “... por espont3nea decisi3n (...), acordan[do] xuntarse nun soio corpo de direici3n pol3tica para gardar, manter e defender a derradeira vontade de Galiza, antramentras dure esta etapa de asoballamento, na que o povo se ve privado de toda eispresi3n democr3tica...”. Xa que logo, o resultado do plebiscito do 28 de xu3no do 1936 en favor das ‘liberdades galegas’ -no que m3is do 90% das e dos galegos que efectivizaron o seu voto far3ano a favor do articulado estatutario, segundo a acta oficial-, ser3a o maior aval daquel orgao.

O Consello de Galiza gozar3a da simpat3a e favor militante de boa parte do tecido societario galego al3n mar, as3 como de figuras acaudaladas, caso do empresario nacionalista Manuel Puente. De feito, no casal deste desenvolver3anse boa parte das reuni3ns do propio organismo. O Consello de Galiza ampliar3a a s3a plana de membros, integr3ndose o deputado coru3n3s Alfredo Somoza ou o ferrol3n Edmundo Lorenzo, procurando ter ‘delegaci3ns’ por toda Am3rica e Europea. A morte de Castelao en xaneiro do 1950

ser3a un duro golpe para o Consello, as3 como para o nacionalismo galego en xeral. A3nda as3, baixo o liderado de Ant3n Alonso R3os, durante a d3cada dos cincuenta e a dos anos sesenta aquela instituci3n galega ter3a un axir de alcance, asumindo evidente br3o a delegaci3n de Franza, representada nun inicio por C3sar Alvajar Di3guez e, tr3s a s3a morte no 1965, polo seu fillo Javier Alvajar L3pez. Naquel (longo) exilio o epicentro cambiara de Am3rica do Sul a Europa, polo que era natural que esta delegaci3n tomara especial protagonismo.

Do Consello de Galiza ao Consello da Mocidade (e un novo tempo na Terra)

C on todo, ser3a desde a matriz bonaerense do Consello de Galiza que se dera o relanzamento do nacionalismo galego, politicamente organizado, na clandestinidade franquista aqu3n Terra. Da man deste organismo impulsari3ase no ano 1963 o Consello da Mocidade, coa figura de Ant3n Moreda 3 fronte. Reuni3n dunha nova xerazi3n de mozas e mozos nacionalistas que enso3ari3an unha outra realidade, unha Terra soberana, na que alg3ns xa levaban matinando desde 1958, cando crear3an desde Madrid o grupo *Brais Pinto*. Expresi3n patri3tica e xuvenil galega observada con extraordinaria ilusi3n polos vellos galeguistas expatriados al3n mar. E a3nda o Consello de Galiza seguir3a neses anos, at3 inicio dos anos setenta, acompa3ando (dando cobertura e lexitimidade hist3rica) a ese proceso de construci3n nacional galego...

Setenta anos despois da creaci3n daquel organismo al3n mar, sirvan estas li3as para lembrar o compromiso e esforzo daqueles que, desde o exilio, nunca renunciaron 3 Patria nen a s3a autodeterminaci3n.

Editorial

Por: Guillermo Rodríguez

Director de Novas do Eixo Atlántico

Foi Sta. Teresa de Jesús quen nos deixou estes magníficos versos nos que comunicaba que prefería morrer, de feito pedía a morte, porque ía gozar da salvación eterna. “E tan alta vida espero, que morro porque non morro” seguía a poeta-santa.

Nós tamén vivimos sen vivir en nós; a diferenza está en que a Santa Teresa esperábaa, segundo ela, o descanso eterno que ansiaba e a nós ... que nos espera a nós?

Esptar cada día enterándonos de que un novo caco de guante branco estivo metendo a man no peto esquilmando o diñeiro que nos quitan sen piedade cada día vía impostos, vampirizándonos pouco a pouco en recortes e que nos queren vender como a única menciña que nos vai curar desta enfermidade que se chama miseria social e material.

Cada día espéranos varios discursos monocores, monotécnicos cos que pretenden convencernos que estamos vivindo un momento moi delicado que, ou defendemos o que tantos anos custou consolidar ou o noso futuro vai ser moi negro. Esperamos a tropelía, de tanta mentira, de tanta bazofia humana que hoxe soportamos á fronte de institucións, de organismos, de entidades, que din ser os defensores do estado de benestar, cando descubrimos que o que defenden é o seu, o dos seus herdeiros e amiguetes. Aí temos hoxe o incombustible ministro Montoro cos seus colaboradores, do seu despacho - consultora que fundara en 2006.;;Quen o diría!! Claro, está todo moi claro. Como ía Montoro

propoñer unha subida de fiscalidade ás empresas poderosas deste País e aos Grupos de presión económicos si el viña, cando chegou ao ministerio, de servir a eses gurús para que pa-

non podes negar as malas noticias, inventa outras que as distraian”, esta é a táctica goebeliana que utiliza o Goberno e case que todos os xornais entregados en corpo e alma

empresariais (bancos, empresas eléctricas, gasísticas, inmobiliarias, etc. etc.) Estes son os que mandan, os que de verdade teñen potestas, que diría un xurista. Os demais son, somos



garan os menos impostos posibles.? Claro, daquela gobernaba Zapatero e agora.... Esperamos, impacientes en coñecer o desenlace desa investigación. Esperamos cada día que dignos discípulos do Sr. Joseph Goebbels, aquel responsable de medios do sr. Adolf Hitler (o de señores leva “piada” como din os portugueses) traten de convencernos que este é o mellor dos mundos ao que podemos aspirar. Fora do colo da Sra. Merkel, fora das directrices do noso inclito Rajoy fai un frío que pela. “Se

a servir aos seus propietarios, aos grupos de presión, aos lobys empresariais, ao mundo empresarial e político, que esperan agochados a mínima oportunidade de lanzarse sobre a vítima, que somos todos nós, e utilizarnos como campo de experimento, nalgúns casos, e como seus fieles clientes aos que non lles importa comprar ou desacreditar. Hoxe o terceiro poder non son os medios de comunicación, hoxe o terceiro e o cuarto e o quinto poder son os grandes oligopolios

simples servidores seus. Noutra ocasión falaremos duns cantos grupos de presión informativa, dunhas cantas familias que teñen o contro de todos os medios de comunicación (TV, cable, cine, revistas, etc.) existentes no planeta Terra..Ao mesmo tempo nos últimos cinco anos desapareceron 284 medios de comunicación en España, cun aumento de paro no sector dun 132%. En Galicia a cifra debe ser aínda superior. Aquí podemos situar, especialmente a El País (controlado por Citi-

bank, Liberty Acquisitions, Roche, Altadis, Banco de Santander, La Caixa, BBVA e outros con pequenas cantidades); tamén está El Mundo controlado por Unipol, Mediobanca, Banco San Paolo, Fiat e Pirelli. Acompañando a estes lotes de samaritanos temos a Moody's que nos últimos 10 anos tivo un incremento de beneficios dun 800%.

Todo encaixa. Nós esperando poder chegar a fin de mes e pagar o aluguer, a electricidade, o butano, comer unhas un pouco de arroz ou unha tortilla sen moitas patacas; estes “nosos amigos” que están traballando arreo polo noso benestar, levando os cartos a paladas a paraísos fiscais porque os impostos non son cousa deles; os impostos xa os pagamos nós; o deles é a explotación humana, é o enriquecemento constante sen pausa e sin tregua.

Xa existen cálculos indicativos de que en 2016 o 1% máis rico da poboación podería acumular tanta riqueza como o resto do mundo. Boas noticias, vive Deus!!

Logo disto, ;quen fora Santa Teresa para poder esperar un chisco de felicidade!



Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema L.



Novas canles de participación política

Os partidos políticos son instrumentos fundamentais para a participación cidadá na política. Mais non son os únicos. A tradición das iniciativas cívicas ven de lonxe no noso país, Galicia. Velaí as Irmandades da Fala (1916), que nunca se constituíu especificamente en partido ou o movemento agrario dirixido por Antón Alonso Ríos, nos últimos anos ben próximo ao Partido Galeguista, mais nunca confundido con él. A primeiros deste século Nunca Máis, dende unha iniciativa cidadá fondamente política, mais apartidista, supuxo un antes e un despois para a conciencia política da miña xeración.

Noutros países, esta caste de movementos políticos cidadáns acadou grande suceso na Chequia que se liberou da ditadura

soviética ou coa plataforma Yes Scotland, que fixo chegar entre 2012 e 2014 a mensaxe soberanista escocesa moito máis aló dos marcos nacionalistas. Tamén coa Asamblea Nacionalista de Catalunya, iniciativa cidadá na que partillan afiliados de varios partidos e independentes e que lle marca a axenda política a Convèrgencia e a ERC.

Velaí que non sexa acaído considerar Sómos Nós como un instrumento para a unificación das diversas ponlas do galeguismo nin como outra opción partidaria. O sentido desta iniciativa cívica non pode ser o de substituír o que xa está, senón fornecer á sociedade galega dun espazo plural e transversal que constrúa novas ferramentas de análise e acción atendendo substancialmente aos intereses de Galicia como suxeito político. Uns intereses sistemáti-

camente esquecidos no esquema político actual por mór de representarmos só un 5% do PIB e un 6% da poboación e depender en grande medida duns alicerces económicos que non son os que definen a economía do Estado español. Ferramentas para afondar nunha visión do mundo dende Galicia, como clave para afondarmos no autogoberno e xerarmos benestar para a cidadanía.

Logo no galeguismo hai sitio para partidos, para axentes sociais e para este movemento cívico, como existe este espazo tamén en Catalunya ou en Escocia, países cos que partillamos sentimento de identidade e europeidade, malia distinguírmolos nun bó feixe de características e circunstancias. O importante, en último de contas, non é o instrumento, senón o obxectivo. O importante é que o gato sexa quen a cazar ratos.

Os erros históricos do PsOE

Pablo Iglesias fundou o PSOE no 1879. E axiña foi construíndo unha mesta organización político-sindical á que converteu nunha potente forza de masas entre 1910 e 1918. Mais logo comezarían os erros históricos desta organización. En 1923 Primo de Rivera implantou unha ditadura militar á que a maioría socialista (por proposta de Largo Caballero) lexitimou ao aceptar a súa participación no Consello de Estado. O mesmo Largo Caballero refugou, dende a súa saída do goberno-outubro do 1933- a vía institucional e democrática para pular pola vía revolucionaria, chegando dicir que cumpriría no futuro unha resposta armada e que habería ir cara ela. Nestes anos o PSOE estaba dividido entre o sector revolucionario de Indalecio Prieto e a dereita dun meu colateral devanceiro, o profesor Julián Besteiro, de orixe galega. Durante a II República o PSOE, fidel á súa alma xacobina, fixo o posíbel por atrancar a aprobación do Estatuto de Galicia. No 1939, Besteiro adheriu á capitulación incondicional do coronel Casado confiando en Franco como mal menor: "de certo que nos vai deixar manter viva unha UGT ao xeito das Trade Unions". Acertou de cheo. Indalecio Prieto, manexou de xeito abxecto uns fondos de axuda aos refuxiados españois entre 1939 e 1942, até que o Goberno mexicano, escandalizado, pasou controlar

estes fondos. O mesmo Prieto que vetou a aprobación, outra volta, do Estatuto de Galicia nas Cortes de México no 1945 e tentaba vetar a Castelao como ministro do goberno republicano.

No 1976, a Federación socialista galega do PSOE case non existía. Eran Paco Vázquez, Salvador F. Moreda e outros tres. A socialdemocracia galega aliñábase no Partido Socialista Galego (PSG), fundado no 1963. O PSOE, cos cartos da Fundación alemá Friedrich Ebert, fanou dende dentro ao PSG para acadar a súa destrución, ceibando así o campo.

En maio do 2010 Zapatero rendeu ás presións de Merkel e Sarkozy e en outubro do 2011 o PSOE pactou co PP blindar constitucionalmente o pago dos xuros da débeda a respecto dos servizos públicos do benestar. Mais o PSOE xa tiña tradición na adopción de decisións que constitúen, de seu, erros históricos



Dende 1905 traballamos pola educación en Pontearreas

La Inmaculada

COLEXIO PLURILINGÜE

R/ Amado Garra, 2 - Tlf. 986 640 065

www.colexioinmaculada.com

Lingua e literatura

Por: Manuel Rodríguez Alonso

O galego e o portugués: lingua por distancia e lingua por elaboración

O lingüista alemán Heinz Kloss e mais o croata Zarko Mujacia son os grandes creadores dos conceptos *Lingua por Distancia* e *Lingua por Elaboración* para caracterizar o proceso de diferenciación das linguas, que proceden dunha mesma lingua orixinaria.

Dúas linguas, cunha orixe común, son *linguas distintas por distancia* cando son totalmente diferentes en canto á súa estrutura. Na súa fonética, morfosintaxe ou léxico sempre foron diferentes, aínda que procedan da mesma orixe. No caso das linguas romances, como o o galego, o portugués, o catalán ou o castelán esa orixe común é o latín vulgar. *Linguas por distancia*, na concepción dos romanistas máis prestixiosos de hoxe en día, son o galego e o castelán, ou o galego e mais o catalán. Deste xeito, por exemplo, a estrutura do galego sepárase, como lingua, nitidamente do castelán.

Pero hai linguas que se distinguen entre si porque son *Linguas por elaboración*. Dúas linguas que se diferenciaron por *Elaboración* son dúas linguas moi ou pouco diferentes desde o punto de vista da súa estrutura fonética, morfosintáctica e léxica, aínda que haxa as lóxicas diferenzas entre elas as dúas. O galego e o portugués son linguas distintas, segundo esta tese da romanística, non por distancia, senón por *Elaboración*. Debido a

razóns históricas e culturais (a independencia do reino de Portugal en relación con Castela e o sometemento do antigo reino de Galicia ao de Castela) produciuse unha partición en dúas, por *Elaboración*, da común lingua falada ao norte e ao sur do Miño. É dicir, os gramáticos e lexicógrafos, que elaboran a lingua estándar ou normativa (gramática, ortografía e dicionarios), apoiándose nos escritores ou na fala, elixiron como lingua normativa e correcta unhas determinadas formas e variantes, mesmo na ortografía, que apartan ambas as linguas, aínda que as súas estruturas seguen a ter moitos elementos en común. Isto é o que lles acontece ao galego e portugués, segundo algúns dos lingüistas de noso máis solventes.

Xa que logo, os actuais galego e portugués estándar e normativos, proceden dunha mesma Lingua por Distancia, o galego-portugués medieval, tamén denominado galego antigo a secas, porque xurdiu na antiga provincia da *Gallaecia*, no recanto Noroeste da Península, entre o Douro e mais o Cantábrico. Este *galego-portugués ou galego antigo*, lingua común ao norte e ao sur do Miño, foi lingua falada xa no século IX, substituíndo o latín vulgar. Nos séculos XIII, XIV e XV convértese en lingua escrita. Malia a separación do norte e do sur do Miño ao proclamarase rei de Portugal

Afonso Henriques (1130), a lingua seguiu a ser a mesma, e así o recoñecen todos os grandes filólogos de dentro e fóra de Galicia, na Idade Media. E iso próbao xa non só a lírica galego-portuguesa, senón sobre todo o exame da lingua dos documentos notariais medievais do norte e do sur do Miño que realizou a investigadora portuguesa Clarinda de Azevedo Maia nunha obra monumental e célebre publicada en 1986, vai agora para trinta anos: *Historia do Galego-Portugués. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal* desde o século XIII ao século XVI (Com referencia á situación do galego moderno).

Como conclusión deste traballo ciclópeo, conclúe a filóloga portuguesa: *De qualquer forma, parece não poder contestar-se a existência, durante o período medieval, sobretudo durante os séculos XIII e XIV, de uma comunidade lingüística, de uma unidade lingüística fundamental em toda a vasta zona do*

Noroeste peninsular que se estendía desde o Douro até ao mar Cantábrico.

Tamén engade a investigadora portuguesa que nesta lingua que abarcaba desde o Douro ao Cantábrico, en definitiva a Gallaecia, había diferenzas dialectais, que pasan aos documentos que examina. Estas diferenzas non desbotan de ningún xeito que a lingua era a mesma ao norte e mais ao sur do Miño. As diferenzas dialectais ou xeográficas existen en todas as linguas. Non é o mesmo o castelán falado en Burgos ca o que se fala en Sevilla, como non é hoxe o mesmo o galego que fala un ourensán ca un falante nativo das Rías Baixas, mais estas diferenzas non impiden que ambos os dous se entendan e que sintan, de xeito espontáneo, que falan a mesma lingua.

No proceso de creación dunha lingua por *Elaboración* as elites que normativizan esa lingua e que din o que é correcto e incorrecto, ao elixiren entre as diferentes variantes lingüísticas, buscan ás veces salientir as diferenzas entre as dúas linguas que proceden por elaboración da mesma lingua por distancia. Por exemplo, o luxemburgués, realmente é unha lingua creada por elaboración a partir do alemán. Como cómpre distinguirse do alemán estándar, aínda que non sexan distintas linguas por Distancia, as elites luxemburguesas acentúan as

diferenzas cando codifican a variante estándar ou normativa deste luxemburgués.

No caso da creación por elaboración do galego non cremos que se produciuse un intento consciente de se separar do portugués. Como tentaremos explicar no seguinte artigo, a elaboración do galego veu condicionado pola situación histórica e cultural en que se produciu o Rexurdimento e a recuperación escrita da lingua de noso, que máis ben foi creación, do galego como lingua escrita e literaria a partir do século XIX ca unha verdadeira recuperación/rexurdimento.

Xa que logo, a existencia do galego-portugués, ou galego antigo, non é unha expresión retórica. O que desexe argumentos sólidos e irrefutables a propósito desta unidade non ten máis que consultar o citado estudo de Clarinda de Azevedo Maia, que segue mantendo toda a súa vixencia, cando hai xa case trinta anos da súa publicación. Por outra banda, esta obra é un clásico da filoloxía, tanto ao norte como ao sur do Miño. Só me queda, para rematar, lembrar estas palabras do gran gramático renacentista portugués Duarte Nunes de Leão na súa obra *Origem da lingua portuguesa* (1606): *A lingoa... de Galliza & Portugal, as quaes ambas eraõ antigamente quasi hua mesma, nas palavras, & nos dphthongos, & pronunçação que as outras partes de Hespanha não tem.*



Colmar non é encher



Un dos castelanismos que máis atopamos nas obras que comentamos no noso blog www.bouvard.blogaliza.org ou en xornais, coma este, nos que colaboramos, é a utilización de **colmar** co significado castelanista de 'encher por completo ou ata exceder os bordos e límites'. Tamén aparece, do mesmo xeito castelanista, usado co significado de 'satisfacer'. Así podemos ler cousas como *esa foi a pinga que colmou o vaso* ou *O ascenso colmou as ilusións dos afeccionados*. Este emprego de **colmar** é un castelanismo puro e duro.

Colmar, como ben sinala o DRAG (*Dicionario da Real Academia Galega*), significa Cubrir de colmo. E colmo, segundo o DRAG, é *Palla escolleita de centeo ou trigo, usada para cuberta de paleiros ou de certas construcións rústicas, coma a palloza*. Tamén, na acepción 2 do DRAG: *Cuberta feita con esta palla*. Xa que logo, o uso de **colmar** co valor de 'encher por completo/satisfacer totalmente' é un **falso amigo**, como se di na xerga dos tradutores, é dicir, unha palabra igual foneticamente á doutra lingua, pero de significado totalmente diferente.

Como xa digo, este castelanismo de **colmar** como 'encher/satisfacer' aparece en feixes de libros e textos xornalísticos. Mesmo o rexistramos, curiosamente, en textos de catedráticos de filoloxía e académicos da Galega, ou nas propias páxinas institucionais da mesma Real Academia. Así, se consultan na web da Real Academia Galega,

a nova referida á sinatura do *Memorando para a Introducción do Portugués no Ensino Medio*, poderán ler este texto do catedrático de filoloxía galega e secretario da Real Academia Galega: *Este memorando supón un chanzo que deberá ser decisivo cara a colmar unha aspiración longa e fondamente sentida en Galicia*.

Xa ven, como o castelanismo chega mesmo á *fonte limpa* da lingua de noso. Xa que logo, cómpre evitar este uso castelanista de **colmar**. Se se refire a 'encher un recipiente ou espazo ata os límites ou ata case que reborde' usaremos, como ben indica o *Dicionario castelán-galego* da RAG, **acugular**, **encher**, **ateigar**. Deste xeito, o castelán *Colmó la taza de harina* será en galego, como ben exemplifica este mesmo dicionario, *Acugulou/ateigou a cunca de fariña*. Se nos referimos a aspiracións ou desexos, usaremos **satisfacer**, como tamén propón este *Dicionario cas-*

telán-galego da RAG. Así o castelán *El ascenso colmó sus ambiciones* será *O ascenso satisfizo as súas ambicións*. Pola súa banda, o famoso dicionario *Gran Xerais* introduce entre os erros ***colmar**, cos significados de 'encher por completo/satisfacer'. Propón usar nestes casos **acugular/satisfacer**. Do mesmo xeito, son moitos os textos onde rexistramos **colmo** co significado castelanista de 'Grao máximo ao que se pode chegar en algo'. Así lemos cousas como *Con este poema chega ao colmo da perfección*. Neste caso, como ben sinala tamén o *Dicionario castelán-galego* da RAG, cómpre usar **máximo/summun**. Deste xeito, en galego correcto diremos: *Con este poema chega ao extremo/súmmum da perfección*.

O lector ou lectora atentos observarán que, cando citamos o *Dicionario castelán-galego* da RAG, escribimos **summun** e no exemplo **súmmum**. Resulta que, nunha das

súas incoherencias habituais, a RAG propón **summun** no *Diccionario castelán-galego*, mais no *Diccionario galego* en liña desta mesma institución a forma elixida é **súmmum**. Realmente a forma correcta deste latinismo, por ser a máis etimolóxica, é **súmmum**. Esta é forma ademais que se rexistra nas *Normas ortográficas e morfolóxicas* da Real Academia Galega/Intituto da Lingua Galega.

Por suposto que tampouco se deben empregar as expresións castelanistas **Para colmo/Ser o colmo**, tamén moi frecuentes, por desgraza, nos textos escritos. No primeiro caso empregaremos **por riba**: *Chega tarde e para colmo > por riba* ten máis que dicir. No segundo usarase **ser do que non hai/ser o máximo**: *É O colmo > o máximo/do que non hai de bondade*. Son estas as propostas e mesmo os exemplos da propia RAG no seu devandito *Diccionario castelán-galego*.

Opinión



Por: Carlos Méixome

A República en Crecente

Crecente é un concello ben revirado, como o Miño, ao que se pega para acompañalo. Estarrícase dende Arbo ata Melón, deixándolle o monte para os da Cañiza, mentres mira con sosego para Melgaço e os concellos ourensáns da Arnoia, Cortegada, Padrenda e coído que algún máis. Non sei se lembran o debuxo de Castelao, no álbum Nós, o cativo requírelle ao avó: “E os da banda d'alá son máis estranxeiros que os de Madrí?”, engade o rianxeiro entre paréntese “Non se supo o que lle respondeu o vello”.

Das súas 11 parroquias, dúas fúndense neste libro: Sendelle e Angudes. Na primeira naceu o seu autor Perfecto Ramos Rodríguez, economista por formación, empresario en exercicio e historiador de vocación. Ramos leva anos en pescudas diversas sobre a historia das súas terras natais. Neses labores bateu con información oral sobre “O Tierra Libre”. Andou na súa procura durante moitos anos para recuperarmos non só un personaxe extraordinario senón páxinas cruciais da loita polo máis fondo e universal ideal republicano que agora nos ofrece nunha magnífica obra editada por Redelibros baixo o rótulo de “Marcelino Gómez Arias. Unha vida dedicada á loita pola República e o Agrarismo”. Aquí chegamos a Angudes por onde pasou Gómez Arias, onde se sublevou para proclamar a república, residiu, loitou, faleceu e ficou baixo a terra miñota.

En Angudes establecerase o seu irmán Segundo, e Marcelino casará cunha filla deste, a súa sobriña, coa que terá oito fillos con nomes tan laicos e eufónicos como Riego, Cervantes, Armonía, Floreal, Germinal ou Lealtad Amador. Os nomes dos fillos de Marcelino fixéronme lembrar a Domingo Páramos Núñez, un cerralleiro de Caldelas de Tui, concelleiro republicano, asasinado polos fascistas en outubro de

1936, que lle puxera aos seus moitos fillos nomes tan fermosos como Ferrer, Libertad, Aurora, Armonía, Verdad, Floreal, Progreso ou Espronceda. Domingo foi asasinado con 55 anos, os mesmos que tería Marcelino se chegase a vivir e semella probable que tería o mesmo fin. Natural de Armeirín, Castropol, o mozo Marcelino, con quince anos, emigra a América: Colombia, Montevideo, Buenos Aires. Autodidacta, introdúcese no xornalismo e nos círculos republicanos españois. Con 23 anos participa, coas armas na man, na revolución uruguaia de 1904. Con gran acerto o autor in-



corpora o libro de Gómez Arias referido a estes feitos como anexo final.

No mes de setembro do ano seguinte Marcelino regresa a Angudes como parte dunha estratexia planificada, como demostra Ramos, e non da toleada dun espírito exaltado, para participar nunha sublevación republicana na que estaban implicados personaxes como Lerroux, Blasco Ibañez, Nicolás Estebáñez ou Rafael Calzada e que foi abortada pola intervención do líder parlamentario republicano Nicolás Salmerón. Mais Marcelino Gómez Arias sublevouse en Angudes á fronte dunha ducia de homes e dirixiuse ata Celanova onde se lle deberían sumar outras partidas para dirixirse cara a Ourense. Foi a coñecida como “Intentona de Crecente” que agora Ramos recupera para a historia local pero tamén para a historiografía xeral. Gómez Arias consegue pasar a Portugal e refuxiarse na Arxentina.

Nunha ocasión Lois Tobío comentábanos que segundo pasaban os centos de horas lendo os miles de cartas recibidas polo Conde de Gondomar e as súas respostas, don Lois íase metendo na mente de don Diego, ou a deste na de Tobío, que mesmo chegaba a saber a resposta antes de lela. Esa identificación co personaxe estudado tamén se palpa na obra de Perfecto Ramos que nos presta o fio de Ariadna para que poidamos seguir a vida, obra e pensamento de Gómez Arias a través dos seus propios e abondosos escritos, tanto polos xornais que promoveu (La España Moderna, El Clamor Español, Tierra Libre ou El Amigo del Pueblo) como polos seus moitos libros publicados, algúns dos cales o autor non puido localizar. Tras o fracaso da “Intentona de Crecente” establecerase en Tandil, onde seguirá a difundir os ideais republicanos a través do xornal La Es-

paña Moderna e do Partido Republicano Español na Arxentina. Pero Marcelino é home de acción. A finais de 1908 está en Lisboa publicando La España Moderna, contactando cos republicanos portugueses e preparando unha nova sublevación en España. Nestes labores conta coa axuda de Antonio Vellozo de Miranda Pereira Barreto que o acollera na súa casa de Soutelo, Vila Verde, cando tivera que fuxir en 1905. Na capital entra en contacto cos tráxicos líderes republicanos, o doutor Miguel Bombarda e o almirante Cândido dos Reis, e asiste á proclamación da República o 5 de outubro de 1910. O que procuraba en España conseguiu vivilo en Portugal.

Ao ano seguinte dá un xiro na súa vida. Regresa a Angudes coa idea de establecerse definitivamente e cun novo proxecto na súa cabeza, a posta en marcha dunha explotación agraria innovadora que servise de exemplo para a mellora das condicións de vida dos labregos; denominaraa “Tierra Libre”, será tamén a cabeceira dun novo xornal, así será coñecido popularmente e permanecerá na memoria da veciñanza: Marcelino “O Tierra Libre”.

A nova xeira pouco ía ter de sosegada, tanto pola actitude dos poderes caciquís, que vían nestes emigrantes unha ameaza, como polo ánimo de loita e dignidade de Marcelino. Serán anos de combate agrarista, ao lado de Basilio Álvarez, contra os caciques do distrito da Cañiza (Crecente, Arbo, A Cañiza, Covelo) personificados tanto en Alejandro Mon (pai e fillo), deputados perpetuos do distrito (o apelido aínda segue nesas lides na actualidade), como nos seus axentes na zona, os Queimadelos, que controlaban, en beneficio propio, os orzamentos municipais que se recadaban basicamente polo imposto de consumos.

Detencións, maltratos, persecucións, ameazas, roubo, a destrución da explotación agraria... a saúde de Marcelino vaise deteriorando e falece, en 1924, con só 43 anos. A loita agrarista e anticaciquil fica descabezada no distrito da Cañiza. Os procesos xudiciais sempre rematan absolvendo os agresores por falta de probas como no caso do ataque á súa casa e a destrución do balado da granxa. O autor reduce a iniciais os nomes da maioría dos agresores aducindo que o fai “por respecto ós familiares e actuais veciños que nada teñen de responsabilidade do presuntamente feito polos seus antepasados”. Erra na nosa opinión Perfecto Ramos. Como no caso dos matadores do exterminio de 1936, non se deben ocultar os nomes e apelidos, de ter constancia deles oral ou escrita, mesmo pola razón que aduce o autor pois os descendentes nada teñen que ver coas accións dos seus antepasados.

Republicano, revolucionario, rexeneracionista costista, agrarista antiforal, anarco-comunista, autodidacta, ilustrado, anticlerical, anticaciquil, españolista... con moitos rótulos poderíamos cualificar a Marcelino Gómez Arias, pero por riba de todo tiña un alto sentido da xustiza e da dignidade humana.

Na memoria popular quedou fixado que Manuela, a muller de Marcelino, achegouse ata a súa campa, despois de proclamada a II República, e díxolle “Levántate Marcelino que lle garon nuestros tiempos”. Infortunadamente non por moito.



Por: Luis Manuel García Mañá

FUTURO

Pasaron cento cincuenta anos desde que o Couto Mixto quedou inxerido en territorio galego. Un século e medio foi dabondo para esquecer que nese anaco de terra conviviron xeracións e xeracións de xentes amparadas por uns privilexios históricos, que na práctica os transformaron en cidadáns independentes dos dous reinos limítrofes.

Visto o acontecido cos ollos dun observador do noso tempo, non cabe a menor dúbida de que o Tratado de Lisboa de 1864 entre España e Portugal, constitúe un instrumento xurídico profundamente inxusto cos veciños das aldeas mistas de Santiago Rubiás e Meaus, xa que –sen contar coa súa vontade– foron eliminados os seus dereitos históricos sen recibir –no canto– ningún beneficio. Un territorio onde o seus habitantes están exentos de cargas fiscais, de dar soldados, que poden comerciar con toda clase de produtos, que dispoñen de dereito de asilo e que poden escollera a súa nacionalidade –entre outros privilexios–, sería hoxe un lugar comparable a outros *microestados* que gozan dun altísimo nivel de vida.

Pola contra, aquel Tratado foi o que transformou o Couto Mixto nun espazo de escuro futuro, onde sobrevive con dificultade unha poboación de persoas maiores grazas ás cativas pensións que reciben do sistema da Seguridade Social, onde non hai xa escolas por falta de nenos nin taberna para tomar un vaso de viño despois de atender a facenda. As aldeas do Couto Mixto esmorecen como a mesma xente. O mellor lugar do mundo sen homes e mulleres que o habiten, acaba por volverse insoportable. As persoas son as que fan dunha terra o espazo axeitado para gozar, traballar e mesmo vivir. Se faltan as persoas desaparece a alma, a razón de ser dese lugar. A estas datas, o Couto Mixto precisa de moita axuda para continuar a vivir, o mesmo que ocorre en tantos lugares do interior de Galicia. Só hai cento cincuenta anos que estaba cheo de vida e tiña futuro, ese futuro que estragaron os gobernantes daquel momento histórico, sen darlles aos veciños nada a cambio. ¿E agora que queda? Nada máis que a memoria dun tempo pasado.



Marcelino Gómez Arias. Unha vida dedicada á loita pola República e o Agrarismo

Redelibros, Vigo, 2014, 460 páxinas

Sober

O alcalde de Sober sostén que a internacionalización do viño de Amandi é imparable

O Concello de Sober (Lugo) deu a coñecer no miradoiro de Santiorxo as actividades que conforman o denominado “Mes do Amandi”, así como un avance da programación de XXXV Feira do Viño de Amandi

Está previsto que participen na Feira 22 adegas. Este ano o convidado de honra será o Concello ourensán de A Teixeira (Terra de Caldeas). No acto de presentación estiveron o alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián, e a corporación local, a xefa territorial de Turismo de Lugo, o presidente e a xerente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, Juan Carlos Armesto e Alexandra Seara, e algúns dos adegueiros que van participar na Feira. Fernández Guitián agradeceu aos colleiteiros que traballan nas adegas e nas viñas todo o ano para sacar ao mercado un produto excepcional “que cada vez é demandado en máis países. A internacionalización do viño de Amandi en particular, e do da Ribeira Sacra en xeral, é imparable”,

afirmou. A primeira das actividades desenvolverase do 4 ao 8 de marzo, días nos que o Goberno local instalará un stand promocional do Concello de Sober e da XXXV Feira do Viño de Amandi na

coas farán unha visita a unha das adegas de Amandi onde poderán coñecer o proceso de elaboración do viño. O Concello organiza en colaboración coas Xuventudes Musicais de Sober un con-

coa Estación de viticultura e enoloxía de Galicia con quen organiza a xornada técnica *Claves para vender máis e mellor o viño*. *Marketing do viño*, prevista para o 18 de marzo en horario de 09:00 a 14:30 horas. O domingo día 22 de marzo o programa *Come e fala* da Radio Galega fará a súa retransmisión en directo desde a Praza do Concello de Sober para darlle publicidade á Feira e contar os segredos da localidade. Os actos do mes do Amandi rematan o 25 de marzo, día no que a Escola de Hostalería de Rosende acollerá unha xornada de maridaxe de viño de Amandi con merluza do pincho de Celeiro. No evento colaboran a Escola de Hostalería da Fundación Belarmino Fenández, Puerto de Celeiro S.A. e a Confraría de Pescadores de Celeiro

“A internacionalización do viño de Amandi en particular, e do da Ribeira Sacra en xeral, é imparable”

mostra gastronómica Xantar, en Expourense. O día 8 haberá unha degustación de viño de Amandi con galo de curral de Vila de Cruces. O venres día 6 de marzo os participantes na actividade infantil de animación á lectura ‘Merendas con

certo de arpa a cargo de Olga Benito para o día 14 de marzo no Centro Sociocultural de Sober. Ao remate farase unha degustación de viño de Amandi. Outra das colaboracións é a que o Goberno local establece



■ O alcalde de Sober presentou o cartel da XXXV Feira do Viño de Amandi.

■ A XXXV Feira do Viño de Amandi comezará o sábado día 28 de marzo ás 11:30 horas co disparo de bombas de palenque. Ás doce terá lugar a apertura oficial do evento a cargo de Adegas Malcavada en lembranza do seu fundador, Antonio Vázquez. Ás 12:15 actuará o Grupo de Música Tradicional do Agadac e entre as 16.30 e as 19:00 horas o espazo da Televisión de Galicia Aquí Galicia retransmitirá en directo o seu programa desde a Praza do Concello, no que haberá entrevistas actuacións de orquestras e humoristas, entre outras actividades. Logo do programa haberá unha actuación da Banda de Música de Sober e da charanga Madialeva. Ás 17:30 horas dará comezo e precata oficial na sala de catas do Centro Sociocultural de Sober. Xa pola noite, a partir das 22:00 horas haberá unha actuación do grupo Os Festicultores. Desde o sábado 28 e ata o día 15 de abril o Centro Sociocultural acollerá unha mostra cos carteis que participaron no concurso do que saíu a imaxe anunciadora da Feira, así como dos debuxos que se anotaron ao certame de adhesivos para nenos e nenas da Comarca. O domingo a actividade retómase ás 10:30 horas co disparo de 22 bombas de palenque, unha por cada colleiteiro participante. De seguido haberá unha actuación da Charanga NBA. Ás 11:00 horas a Banda de Música de Sober fará un pasarrúas. Ás

XXXV Feira do Viño de Amandi

11:30 horas comezará a cata oficial na sala de catas do Centro Sociocultural de Sober. Á mesma hora terá lugar a misa solemne coa bendición de ramos na Igrexa de Sober. A continuación farase a lectura do

pregón, cuxo pregoeiro se avanzará nos próximos días, así como a entrega de premios aos adegoiros. Pola tarde volverá actuar a Charanga NBA. A Orquestra Los Satélites será a encargada de pechar a Feira do

viño de Amandi a partir das 19:30 horas. O comité de cata estará formado polos seguintes membros: Mar Vilanova De La Torre, investigadora da Misión Bioloxica de Galicia (CSIF). Grupo de investigación de viti-

cultura. Iria Otero Mazoy, membro da Asociación de Sumiliers Gallaecia. Fernando Vilariño Páxaro, técnico do Comité de Cata da D.O. Rías Baixas. Josá María Martínez Alonso, membro do panel de cata da D.O. Ribeira Sacra e propietario da vinoteca "O Beiro" de Santiago. David Cidre Guitián, profesor do ciclo formativo de Servizos en Restauración da Escola de Hostalería Belarmino Fernández Iglesias de Rosende-Sober.



■ Adegoiros da Ribeira Sacra na presentación do Mes de Amandi.



Prato especial: Gramallera,
(Vino de proba)

a Cantina desde 1947
Restaurante Vinoteca



Tlf. 982 19 87 17 - 630 33 35 79. Doade 79. Sober
Km. 12 estrada Monforte a Castro Caldelas



988 374 865 - 634 243 274
cofermagalicia@gmail.com



Orives
(Ribeira Sacra)

Treboada
selección (Ribeiro)

Terra de
Lendas (Rías Baixas)

Chantada

A Feira do Viño de Chantada abriu o calendario de mostras na Ribeira Sacra

As próximas citas co viño na Ribeira Sacra ata xuño serán en Quiroga, Vilachá de Salvador, Carballedo, Belesar e Pantón.

por: Jesús Losada

Durante tres días veciños da bisbarra de Chantada e da contorna como Lemos, Deza, A Ulloa e Ourense, participaron no encontro gastronómico que tamén contou con mostra de artesanía e de oportunidades para mercar, así como concurso de gando. Na Praza de Galicia, na carpa que albergaba os postos das trece adegas a animación foi continua. Catro orquestras, a banda de música de Chantada, varias charangas e grupos de gaitas e o conxunto de zanfonas da Tradescola de Lugo, animaron o recinto.

O programa da xornada principal incluíu o pregón a cargo do escritor Luís González Tosar, presidente do Pen Club Galicia, quen deu un toque literario á feira falando de



■ Público escoitando á banda de música de Chantada no recinto feiral.



■ Luís González Tosar no momento do pregón da Feira do Viño de Chantada.

Pablo Neruda e outros poetas que enxalzarón o viño nas súas obras. O discurso foi seguido por un numeroso público. Nos días anteriores á feira celebráronse catas comentadas de viños da subzona d e

Chantada -tintos, brancos e de barricas- que desenvolveron en diversos locais de hostalaría da cidade. A seguinte feira do viño da Ribeira Sacra será a de Amandi, no municipio de Sober -a máis antiga de todas as que se organizan na zona-, que celebrará a súa edición número 35 entre os próximos días 28 e 29. Unha semana máis tarde -o 4 e o 5 de abril- será a Feira do Viño de Quiroga. Logo celebraránse as de Vilachá da Salvador (A Pobra do Brollón) o 2 e 3 de maio e a de Belesar así como a XXII Mostra de Viños da Ribeira Sacra en Pantón, o 6 e 7 de xuño.

Auditorio e Praza de Abastos

Na Praza de Galicia está ubicado o auditorio de Chantada, cuxa instalación ven de rematar. A infraestrutura completa contou cunha inversión da Deputación de Lugo de preto de 1 millón de euros. O equipamento está composto por 266 butacas, un proxección audiovisual, unha pantalla de 4x2 metros e unha cortina de máis de 20 metros de longo por 5 metros de alto con carril motorizado e contou cunha achega de 67.400 euros. Ademais desta inversión, a Deputación investiu 900.000 euros para a construción

deste edificio, chegando a preto de 1 millón de euros de inversión total. Esta actuación forma parte do complexo deseñado dentro dun plan global de reforma da Praza de Galicia sobre os terreos nos que ata 2009 se atopaba a Casa consistorial. O presidente lembrou que, tanto a construción do auditorio como a súa dotación, enmárcanse no conxunto de actuacións por valor de 5 millóns de euros que a Deputación levou a Chantada para liquidar a histórica débeda do canon hidroeléctrico. Outro exemplo é o acondicionamento de 16 rúas. Xa con remanentes destes fondos, a institución provincial financiará novas actuacións no Concello, como as obras de mellora do campo de fútbol de Sangoñedo (16.102 euros), do centro de día (138.417) e a Praza de Abastos (8.000 euros).



■ A organización entregou premios a os adegueiros participantes





Novos aires para a catedral de Ourense

A Xunta realizará novas intervencións de reforma da instalación eléctrica, de restauración das reixas da Capela Maior e da decoración románica da cabeceira da catedral de San Martiño, en Ourense

A Xunta leva investido desde 2011 máis de 1,8 millóns de euros o que permitiu non só velar pola preservación do templo, senón poñer en valor a súa relevancia artística e mesmo recuperar espazos como a Capela de San Xoán – pechada ao público durante anos- ou o esplendor do Pórtico do Paraíso e do órgano. O conselleiro de Cultura salientou, en Ourense, o compromiso

“restauración das reixas da Capela Maior, unha obra de Juan Bautista Celma (S. XVI)”

da Xunta de Galicia polo impulso do conxunto das cinco catedrais galegas (Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Tui e Mondoñedo) como elementos do máximo valor patrimonial e polo de atracción de visitantes. Neste sentido sinalounas, en si mesmas, como xoias arquitectónicas, que atesouran ademais material artístico de incalculable valor que é ademais testemuña do legado da obra dos mestres artesáns ao longo da historia de



■ O conselleiro de Cultura e o bispo de Ourense comentaron as deficiencias da catedral, que serán correxidas.

Galicia. O investimento cubrirá a necesidade de conservación que presenta a decoración románica da cabeceira - c o m p o s t a f u n d a -



mentalmente por canzorros románicos-, un dos elementos máis antigos deste templo, dun valor artístico e cultural, así como con máis atractivo para os visitantes. Así mesmo,

ás deficiencias descubertas na instalación eléctrica durante a renovación das cubertas, que levaron á Consellería a asumir de inmediato a súa renovación. Xunto a estas melloras executárase tamén a restauración das reixas da Capela Maior, unha obra de bronce ferro e madeira de Juan Bautista Celma (S. XVI). No referido ás actuacións en execución, o conselleiro Román Rodríguez interesouse polo avance da recuperación da portada medieval e limpeza da fachada norte, unha intervención que inclúe tarefas de limpeza da superficie así como a reintegración das pezas que fora necesaria. Así mesmo, está en marcha a segunda fase dos traballos de restauración das cubertas da catedral, en concreto das que se atopan na zona da cabeceira da catedral, sobre as ábsides da xirola e muros e estruturas contiguas, incluíndo a capela do Santo Cristo. O fin destas obras é mellorar a impermeabilización dos elementos de cobertura, limpeza e rexuntado de muros e petos lindantes, actuacións que se complementarían coa reparación de instalacións, carpinterías e outras pequenas reparacións nas cubertas na área da capela do Santo Cristo. Neste proxecto incluíuse tamén a reparación puntual das terrazas da torre sur, co obxecto de corrixir a entrada de auga que desde esta cuberta está a afectar ao paramento sur do espazo do nártex, sobre o que se atopa unha pintura mural rehabilitada.



Ourense

Xantar 2015 volveu contar coa fidelidade do público portugués e galego

A segunda edición como feira internacional contou coa presenza de 10 países e recibiu 22.000 visitas, das que 17.800 comeron ou cearon no salón

Con perfecta organización e éxito de expositores e público, Expourense celebrou a XVI edición do Salón de Gastronomía e Turismo, Xantar, onde Costa Rica exerceu de protagonista como país convidado presentándose como “destino único, diferenciado, amigable e sostible”.

Xantar 2015 rematou contando coa fidelidade dos profesionais do sector e do público xeral. A organización estima que o salón acadou as 22.000 visitas e o

número de comidas e ceas servidas polos 17 restaurantes superou as 17.800. O programa de actividades presentou máis de 100 opcións, cunha media de dúas experiencias por hora de duración do salón, foron seguidas por máis de 6.000 participantes, na súa maior parte profesionais do sector que supoñen xa un 35% do total de visitas. Este programa incluíu exhibicións de cociña en directo na que participaron



■ Alfonso Rueda, vicepresidente da Xunta, e Guillermo Rojas, cónsul general de Costa Rica en España, inauguraron Xantar 2015.

recoñecidos chefs de Galicia, Portugal e Costa Rica e nas que se puxeron en valor os produtos autóctonos e de calidade. Outra das actividades que despertaron o interese dos profesionais foron as máis de 25 catas comentadas de produtos como o viño, licores,

queixo, a auga X-pinner de Costa Rica, mel, aceite, cogomelos e os produtos con stevia. Houbo distintas degustacións ofrecidas polos expositores como as de polbo á feira de Terras do Avia, de botelo de O Barco, de galo de curral de Vila de Cruces e de viños de Amandi (Sober).

A xornada de clausura foi o día adicado ademais ás entidades patrocinadoras e colaboradoras que fixeron posible a celebración de Xantar 2015 e tamén a Mancomunidade Turística de Terras do Avia e do Concello de Sober. Nesta última xornada tamén foron entregados os premios do 3º Concurso de Cociña Xantar Gourmet que gañou o cociñeiro de Boimorto afinado en Melida, Manuel Garea que sorprendeu ó xurado coa receita “Trufa de Mar” na que empregou vieiras de Galicia do selo PescadeRías, bonito, algas, grelos e aceite de oliva ecolóxico. Garea gañou este premio por segunda vez consecutiva. O segundo clasificado, na categoría de profesionais foi Carlos Barreira, natural de Cangas, co prato “Lacón, Grelo, Chourizo e Patata 2015”. No apartado de afeccionados houbo unha mención especial para Cristina Estévez, de Ourense, que preparou a receita “Tosta veraniega”.

A presenza nesta edición de expositores e participantes de 10 países (España, Portugal, Costa Rica, México, A Argentina, Francia, Perú, Cuba, Ecuador e Paraguai) ven consolidar a súa condición de “Feira Comercial Internacional”, un selo outorgado pola Secretaría de Estado de Comercio do Ministerio de Economía e Competitividade, que o converte nunha das cinco citas internacionais de turismo celebradas en España (dúas das cales organiza Expourense) e na única especializada en gastronomía. A vindeira cita feiral de Expourense será os días 27 e 28 de maio coa celebración da VI edición de VINIS TERRAE, Salón Galego dos Viños e Licores Galegos de Calidade.



■ O alcalde do Grove promocionou a LII Festa do Marisco que se celebrará do 1 ao 12 de outubro.



■ A conselleira do Mar visitou a caseta da Cámara Municipal de Ponte de Lima



■ Autoridades no stand do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.



■ Sinatura dun convenio entre Expourense e Azores (Portugal).



■ O alcalde de Vila Real presentou o 45º circuito automobilístico que se celebrará en xullo

O museu do alvarinho dignifica Monção e todos os monçanenses

Na sessão de inauguração, Augusto Domingues pediu ao Secretário de Estado da Agricultura apoio para o financiamento do Emparcelamento Agrícola de Moreira e Barroças e Taias. Na resposta, José Diogo Albuquerque referiu que “o projeto é considerado prioritário e está acautelado no PRODER”, aconselhando a autarquia a avançar com a respetiva candidatura logo que abra a medida, prevista para finais deste mês.

O Museu do Alvarinho, localizado na Casa do Curro, foi inaugurado numa cerimónia presidida pelo Secretário de Estado da Agricultura, José Diogo Albuquerque. A partir de hoje, Monção passa a contar com um equipamento relevante e defensor do vinho Alvarinho, aberto a munícipes, turistas e apaixonados pelo mundo dos vinhos.

O presidente da Câmara Municipal de Monção, Augusto Domingues, lembrou que “o Alvarinho é tradição, história e herança”, revelando-se como “parte integrante da nossa identidade coletiva e paixão pela terra” e assumindo-se como “um importante rendimento total ou parcial de largas centenas de famílias monçanenses”.

“O Alvarinho já merecia um tributo a condizer com o seu estatuto. Aqui está ele: o Museu do Alvarinho. Equipamento que visa preservar o passado, explicar o presente e incentivar o futuro. Para os monçanenses, para todos que nos queiram visitar e para as crianças das nossas escolas e das escolas das outras comunidades” acentuou.

Emparcelamento Agrícola de Moreira e Barroças e Taias

Historiando o processo, Augusto Domingues reforçou ainda o pedido de financiamento para a concretização do Emparcelamento Agrícola de Moreira e Barroças e Taias. Disse: “Estamos orgulhosos com os elogios ao projeto mas falta o financiamento. Tanto a Câmara como os agricultores envolvidos no projeto anseiam pela sua concretização. Ajude-nos a atingir esse objetivo”.

Na ocasião, pediu ainda ao governante para não esquecer o projeto de Emparcelamento Agrícola de Pias e Pinheiros, re-



afirmado a posição da autarquia em voltar a candidatar o projeto. “Entendemos que aquelas terras precisam de uma nova vida. O projeto foi reprovado mas voltaremos à carga” assinalou.

O Secretário de Estado da Agricultura deu os parabéns à autarquia pela disponibilização de uma estrutura fundamental para a divulgação e promoção da atividade vitícola da região. Em relação ao acordo de alargamento, referiu tratar-se de “uma boa solução” que “irá introduzir maior exigência na produção e salvaguardar a qualidade do produto final”. Esclareceu que “a regulamentação legislativa será publicada a curto prazo”.

Quanto ao emparcelamento de Moreira e Barroças e Taias, José Diogo Albuquerque deixou indicações muito positivas. “O projeto é considerado prioritário pelo Ministério da Agricultura e está acautelado no PRODER.

Aconselho a autarquia a avançar com a respetiva candidatura logo que abra a medida, prevista para finais deste mês”.

Antes dos discursos oficiais, decorreu o descerramento da placa seguiu-se uma visita guiada aos diferentes espaços do museu.

No exterior, alguns produtores, maioritariamente de Melgaço, manifestaram a sua oposição ao acordo.



Entrevistados

Por Guillermo Rodríguez

“Expuxen xa no ano 1974, antes do 25 de abril”, Puskas



Como e por que te fixeches profesional da pintura?

■ Eu quando era aínda miúdo e assistindo a um teste que o meu pai colocou aos meus irmáos mais velhos de desenharem o retrato de um amigo dele ,tarefa difícil e que os 3 irmáos nao o conseguiram e o meu pai desistiu da idea aborrecido e com pouco animo pois nao se vislunbrava algo de artista,eu entao com apenas 6 anos deixei-os abandonar a mesa do trabalho e aínda com a foto encima da mesa e o material, lá me entreguei no meu trabalho que aos meus olhos de criança me pareceu estar bem.o retratohumilde ficou em cima da mesa,á noite o meu pai perguntava quem o tinha feito,e ei lá disse que tinha o feito eu e que estava muito bem e aínda me recordo como se fosse hoje.depois na escola no coléjio foi se desenvolvendo o gosto e o e n t u -

siasmo cada vez mais e maior por parte dos amigos e pessoas que me conheciam e apreciavam o que eu ía fazendo,e daí foi um passo para a primeira exposiçao em dezembro de 1974 aínda antes do 25 de abril.

Como reflexas nos teus cadros o feito de ser raiano?


■ Os povos sao o mesmo daí ser muito facil pintar sem distincoes quaisquer pinto da mesma forma quer para os Galegos como para os portugueses,temas paisagistico ou de caratere social,os povos na historiaou a mulhere e a sua beleza ou mesmo o abstrato ou o retrato,lá vou fazendo um pouco de tudo, pintando com gosto e criatividade.

Onde podemos admirar os teus cadros?

■ Um puco por todo o lado por exemplo nos municipios do norte minho e Galiza, Salvaterra, Porrino, Monçao, Melgaço, Valença, Caminha, Arcose, Ponte da Barca e Cerveira. E em Mminhacasa na minha galeria.

Pasaches a moitos políticos polo teu pincel? Que “condición” che poñen para posar?

■ Sim alguns quer galegos como portugueses.



Por Guillermo Rodríguez

“O tempo porá a cada un so seu lugar”, Miguel Queimado, presidente da Asociación de Porductores de Alvarinho de Monção e Melgaço

Ao parecer as últimas disposicións oficiais sobre a producció n e comercializació n do vinho alvarinho non contenta a todos. Parece que Melgaço non concorda con Monção nesta cuestió n. Por que?

■ Eu nao me quero emiscoir com o problema mas penso que os prodotores de alvarinho até aqui nunca se entenderam cada um remava para si e agora que se amanhem, e o facto é que há um enorme fosso entre o entendimento dos produtores de Melgaço e os de monçao e os politicos agora que resolvam. Eu entendo queo vinho se se da ´ onde se dá pois entao que se cultive.

Camiña o Alto Minho cara a unha D.O. do Alvarinho semellante á das Rias Baixas Galega?

■ Nao sei bem mas penso que é enevitavel o problema será o mesmo e estes senhores produtores nao ficaram pobres nem o vinho vai perder a sua qualidade.

Cal é o peso na economia de Melgaço e Monção da producció n de alvarinho?

■ Algun sem duvida, mas está nas maos de meia duzia de alguns senhores que herdaram dos seus pais, sao muitos poucos um ou dois é que se fizeram por si.

Cal é a solució n que a vde. se lle ocorre para solucionar este enfrontamento entre aas dúas vilas minho-tas?

■ Cada um irá continuar a fazer o seu vinho por excelencia e o tempo o irá corar curar.



Monção

XXXVIII Rali à lampreia encheu centro histórico



O tempo não estava de feição mas a paixão pelo motor e pela gastronomia falou mais alto. Ontem, Monção voltou a encher-se de visitantes numa das provas de perícia automóvel em circuito urbano (não competitiva) mais antigas do norte de Portugal e da Galiza

A pesar da chuva, umas vezes miudinha e outras vezes mais insistente, muito público, de ambas as margens do rio Minho, marcou presença na Praça Deu-la-Deu para assistir às duas provas de uma das perícias automóveis em circuito urbano (não competitiva) mais antigas do noroeste peninsular. Na presente edição, inscreveram-se 38

concorrentes de diferentes localidades de Portugal e da Galiza, tendo participado 31. Mais uma vez, a organização esteve a cargo do Sport Clube do Porto. A inscrição, no valor de 110 euros, englobou a participação na prova, pagamento do seguro e almoço da lampreia para duas pessoas.



■ **O primeiro classificado** foi António Borges, em Catarham Lotus 7, participante habituado aos lugares de pódio, seguindo-se Luis Silva, em Catarham-Super 7, e Manuel Sousa, em Austin Mini. Luis Guedes, em Sado 550, foi o

monçanense melhor classificado, ocupando o quarto lugar. Na entrega dos prémios, o autarca monçanense, Augusto Domingues felicitou a organização e os concorrentes, agradeceu o apoio das empresas patrocinadoras, Galp e Top Car, e realçou a importância desta prova como motor da economia local ligada à restauração.



■ Destacou ainda que na próxima edição a joia de inscrição será mais acessível: “o valor está algo exagerado face à atual realidade económica das famílias e do país. Para mantermos este certame vivo e apelativo temos de proceder a alguns ajustamentos, entre os quais, a redução do valor da inscrição”.

Do Sport Clube do Porto, António Paiva, sublinhou a imagem positiva que esta perícia automóvel tem em todo o país e deu nota que, em 2016, haverá algumas novidades relacionadas com a competição, nomeadamente a possibilidade de duas classificações: uma para os carros ditos normais e outra para os carros adaptados.



Entrevista

“Tanto Salvaterra como Monção están a facer as políticas correctas”

Augusto de Oliveira Domingues

Breve curriculum profesional e político

■ Augusto de Oliveira Domingues, engenheiro agrícola, 58 anos, professor desde 1979, diretor da Escola Profissional Agrícola de Ponte de Lima, de 1992 a 1997. Vice-Presidente do Município de Monção de 1997 a 2013. Presidente do Município de Monção desde 2013 até ao momento.

Que diferencias importantes aprecia no seu traballo polo feito de pasar de Vereador a Presidente?

■ Fui Vice-Presidente do Município de Monção durante 16 anos, substituindo o Presidente nos seus impedimentos. Mas a verdade é que ser Presidente é diferente. A última decisão fica sempre para mim. E, se for im-

portante, tenho que ter muito cuidado para não errar. É preciso muita cautela para não prejudicar a comunidade. Daí, o stress permanente para decidir bem. Ouço, pondero e decido. Sei que não agrado a todos. Coloco, acima de tudo, o interesse coletivo. Não fugo nem me escondo. Com a tutela da cultura e educação, fizemos grandes investimentos como a Biblioteca, Arquivo, CTJV, centros escolares. Como presidente continuo a privilegiar o investimento cultural. Inauguramos a Loja Interativa de Turismo e o Museu do Alvarinho, seguindo-se agora a Torre de Lapela e o Centro Cultural de Tangil. Pensamos ainda este ano avançar com a sede da Banda Musical de Monção. Com

o apoio da Câmara, outros investimentos tornaram-se realidade. Falo das estruturas sociais em Podame, Badim e Merufe. Destaco também o arranque da obra do Minho Park Monção que será complementar ao “porto seco” de Salvaterra.

As cidades das ribeiras do Minho están desenvolvendo un im portante traballo de achegamento e colaboración con Salvaterra?

■ Os 40 anos de democracia foram importantes para o estreitamento de relações entre as regiões do norte de Portugal e da Galiza, entre Monção e Salvaterra. Nas nossas ruas, lojas e restaurantes ouve-se falar galego constantemente, o que é



bom para a nossa economia. Com a criação da Eurocidade de Monção e Salvaterra vamos poder partilhar valências dos dois lados. Do nosso lado, estou-me a lembrar da excelên-

cia dos nossos bombeiros e das urgências do centro de saúde. Também da ecopista do Rio Minho, muito frequentada pelos amigos galegos, da nossa unidade termal e da piscina municipal, presentemente utilizada por mais de 20 por cento de galegos. Do vosso lado, aproveitamos as excelentes vias ecológicas e o Parque da Canuda, um dos maiores e melhores espaços de lazer da Galiza. Já temos organizado atividades conjuntas, como a Corrida Solidária de S. Silvestre entre as duas localidades. A Eurocidade vai potenciar esse relacionamento em várias vertentes. Todos temos a ganhar.

A visita do Sr. Secretario de Estado recentemente de vista a Monção estivo “animada” por unha protesta dos viticultores de Melgaço. Que opina Vde. dese problema?

■ O senhor Secretário de Estado da Agricultura veio inaugurar o Museu do Alvarinho. Há mesma hora, no exterior, decorreu uma manifestação de viticultores maioritariamente de Melgaço. Reivindicavam a manutenção de exclusividade do vinho Alvarinho na Sub-Região de Monção e Melgaço. Na minha intervenção, perante o governante, apresentei as razões de não estar do outro lado. Explico: aconselhei-me com as empresas mais representativas dos viticultores monçanenses, tendo sido informado que o acordo obtido com o Ministério da



Entrevista

Agricultura serve a viticultura da região. Foram conseguidas algumas medidas importantes. Falo de 3 milhões de euros de investimento na promoção do nosso território. Da obrigatoriedade de qualquer produto vinico, envolvendo o Alvarinho com outras castas, ter 50 ou 30 por cento de casta Alvarinho. A percentagem depende da colocação da palavra Alvarinho no rótulo da garrafa. De um selo de garantia que irá diferenciar os Alvarinhos de Monção e Melgaço dos demais. Um período transitório de 6 anos para a implementação do acordo. Eu pedi 10 ao governante. Resumindo: se os homens do Alvarinho de Monção estão satisfeitos, eu não posso contradizê-los. A mim, cabe-me unir e não desunir. Se o nosso “exército” está satisfeito o “general” tem que acatar essa decisão. Estou de consciência tranquila. Ouvi as entidades mais representativas do setor de Monção e decidi de acordo com a opinião que me transmitiram. Não convém esquecer que esta fileira económica representa a injeção de 25 milhões de euros na nossa economia. Ficarei sempre atento à evolução da situação. A aplicação dos apoios devem concretizar-se na afirmação da Sub-Região.

O feito de inaugurar o Museu do Alvarinho significa adiantar-se a que alguma outra cidade pretendia o mesmo ou é um acto de reconhecimento normal?

■ Temos patenteada a marca “Museu do Alvarinho”. Nenhuma outra localidade pode utilizar esta denominação. Entendemos que era chegada a hora de enfatizar este produto endógeno identificativo da nossa região. Todos os viticultores e enólogos do passado e do

presente merecem esta casa. É um tributo à excelência desta casta maravilhosa e ao trabalho de gerações de mulheres e homens da terra. Desafio os amigos galegos a visitá-lo. Assim, poderão aferir da qualidade e requinte dos

poetas e por decisão das duas autarquias. A festa comemorativa será no dia anterior, sábado, 28, a partir das 16h00 portuguesas. Estão todos convidados. Esta ponte representou um reforço nas relações entre os dois povos. O rio

*Temos patenteada a marca
“Museu do Alvarinho”.
Nenhuma outra localidade
pode utilizar
esta denominação*

nossos produtos, provando-os e levando-os consigo no regresso a casa. Este museu, suportado em tecnologia avançada, é uma autêntica viagem pelo mundo do Alvarinho. Tem muito para ver e contar. Insisto: venham visitá-lo. Vão gostar.

En poucos dias o concello de Salvaterra e a Cámara Municipal de Monção ven celebrar o 20 aniversario da construción da Ponte entre as duas cidades. Cal é o significado actual dese feito?

■ É verdade. No dia 29 do corrente, celebramos 20 anos da inauguração da Ponte Internacional entre Monção e Salvaterra que ainda não tem nome. Mas que ficará a chamar-se João Verde/Amadeo Saavedra em homenagem aos dois

Minho, Pai Minho como gentilmente é tratado pelos galegos, nunca foi obstáculo ao relacionamento entre as duas comunidades. Com os 20 anos da ponte, vamos assinar um protocolo de geminação, tornando as nossas relações ainda mais consistentes e este espaço fronteiriço mais aberto a novas ideias e oportunidades.

A desaparición das fronteiras está resultando positiva ou negativa para as dúas vilas fronteirizas?

■ Com a chegada da democracia e abolição das fronteiras, o desenvolvimento na Península Ibérica foi evidente. As comunicações tornaram-se mais simples. O relacionamento mais fácil. As relações comerciais intensificaram-se. Hoje em dia, vivemos melhor tanto do nosso lado

como do vosso. Não se pode comparar a vida atual com os constrangimentos sociais das ditaduras. Ainda há famílias com dificuldades, contudo, temos a responsabilidade e obrigação de fazermos tudo que está ao nosso alcance para sermos uma terra de oportunidades com pessoas felizes. Temos de inventar estratégias para gerar empregos. É a melhor solução para os problemas sociais. Tanto Monção como Salvaterra estão a fazer tudo nesse sentido.

O Sr. Presidente ven de asinar o Pacto “Rio Minho Transfronteirizo” Que benefícios espera conseguir para a vila de Monça?

■ Na sequência do que já referi nas questões anteriores, estou esperançado e otimista no futuro. A crise mundial que nos afeta está a ser ultrapassada. Entendo que já batemos no fundo e no fundo, como diz o pensador, é o melhor local para darmos o salto. Os autarcas das duas localidades, todos e não só os Alcaldes de Monção e Salvaterra, estão a trabalhar para termos uma região com bons níveis de emprego.

Esta palavra mágica é a salvaguarda de toda a sociedade. O Pólo Empresarial da Lagoa está a funcionar. O futuro Minho Parque Monção está em andamento e o “porto seco” de Salvaterra, com interligação à laboriosa cidade de Vigo, vai pelo mesmo caminho. Queremos juntar a componente social, apoiando as camadas mais vulneráveis da nossa sociedade, e a vertente cultural porque consideramos que um povo culturalmente ativo está melhor preparado para enfrentar qualquer desafio. O futuro está aqui. Estamos empenhados e motivados. Contamos com as instituições e a sociedade civil das duas margens. Bem hajam.



Tui Valença



Actividades deportivas Eurocidade Tui Valença 2015

A Eurocidade Valença Tui avanza, em Marzo, com um ambicioso calendário de 19 eventos desportivos, com a previsão de envolvimento de 7000 participantes portugueses e espanhóis. Uma aposta concertada das duas cidades e das suas associações desportivas na consolidação do projeto da Eurocidade.

O calendário de eventos desportivos da Eurocidade, para 2015, é o reflexo da dinâmica desportiva crescente, com a consolidação de eventos representativos das principais modalidades praticadas neste território.

O programa desportivo da Eurocidade conta com o apoio da Xunta de Galicia,

através do Plan Galicia Saudable e da União Europeia através do programa de fundos europeus POCTEP.

Para Jorge Salgueiro Mendes "O desporto é, hoje, uma das grandes referências da Eurocidade, potenciadora das dinâmicas associativas e fator de atratividade do território".

1.- IV CIRCUITO DE ANDAINAS/TRILHOS SAUDABLES EUROCIDADE

Início marzo de 2015

Circuito de 17 Andainas Saudables dende febreiro a decembro

■ Trilhos em Valença – 2º sábado de cada mes

■ Andainas em Tui – último domingo de mes

Máis de 1.700 participantes de Valença, Tui e bisbarra.



2.- IV EUROCIDADE BTT

15 de marzo de 2015

Percorrido de 43 ou 69 km en bicicleta de montaña, que sairá de Tui e cruzará o ponte internacional, subindo ao Monte Faro, percorrendo as rúas de Valença, Monte Aloia e chegando ao punto de saída en Tui.

Dirixido a deportistas maiores de 16 anos federados e no federados.

1.000 ciclistas de Galicia e Portugal.



3.- I TORNEO EUROCIDADE DE BALONCESTO

27, 28 Y 29 de marzo de 2015

Esta edición formará parte das actividades deportivas da Eurocidade, na que participarán ao redor de 500 xogadores e xogadoras, de diferentes categorías.

Se disputará no pavillón deportivo municipal de Valença e estará organizado polo Basquet Clube de Valença.



4.- BIG RIDE EUROCIDADE

2 e 3 de maio de 2015

Nesta *IV edición da BIG RIDE*, a organización decidiu incluír a proba dentro do calendario deportivo da Eurocidade, realizando tramos cronometrados tanto en Valença, no Monte Faro, como en Tui, no Monte Aloia.

Participarán ao redor de 350 riders, e a proba estará incluída dentro do Open de España de Enduro.



5.- II RALLIE EUROCIDADE

8 e 9 de maio de 2015

A organización correrá a cargo, como o ano pasado, pola Escudería Dona Urraca en colaboración cos técnicos da Eurocidade, tendo una estimación de participación de ao redor de 100 coches.

Con esta segunda edición, esta proba automobilística se consolida como unha das mellores probas deportivas da Eurocidade e do Baixo Miño.



6.- IV EUROCIDADE 10

14 de xuño de 2015

A *cuarta edición* de esta *proba atlética de 10 quilómetros*, terá a saída dende o interior das murallas de Valença, percorrendo o interior das mesmas, cruzando o ponte internacional, percorrendo as rúas de Tui e rematando no mesmo punto da saída.

Na edición pasada participaron máis de 800 atletas galegos e portugueses, e a proba formó parte da Tour Running Rías Baixas da Deputación de Pontevedra. Nesta IV Eurocidade 10 esperamos ter unha participación de ao redor de 1.000 atletas, demostrando que é unha proba de referencia na zona do Baixo/Alto Miño.



7.- I TORNEO DE JUDO EUROCIDADE

20 de xuño de 2015

O Judo Clube Valença, xunto coa Eurocidade Tui-Valença, organizará este *campeonato de judo*, no que participarán ao redor de 300 deportistas, que se celebrará no pavillón deportivo municipal de Valença.




8.- II CAMPIONATO IBÉRICO DE KUNG FU EUROCIDADE

Xullo de 2015

No mes de xullo se realizará esta segunda edición do Campionato Ibérico de Kung Fu, organizado pola Eurocidade Tui-Valença, en colaboración coa Federación Galega de Kung Fu e o Club Deportivo DiSom Tui.

Participarán ao redor de 300 deportistas neste campionato, que contará, como o ano pasado, coa organización de talleres relacionados co Kung Fu.



9.- IV TORNEO EUROCIDADE DE BALONMÁN

Agosto de 2015

A Eurocidade Tui-Valença organizará, en colaboración co Club Balonmán Tui e a Federación Galega de Balonmán, a **cuarta edición do torneo de balonmán**, no que enfrontarase equipos de Portugal e Galicia de máximo nivel.

Nas edicións anteriores, o novo pavillón deportivo municipal de Tui albergó partidos entre el Octavio de Vigo contra os equipos do Oporto F.C. e o Braga F.C., así como os partidos entre as seleccións nacionais universitarias de Portugal e España.



10.- II EUROCIDADE CUP

Agosto de 2015

Na edición do 2014 se enfrontaron os equipos do As Far Rabat e do Real Celta de Vigo B, cunha alta participación de espectadores no Estadio Municipal Dr. Lourenço Raimundo.

Nesta segunda edición, se realizará o mítico partido de rivalidade entre as dúas cidades, entre os equipos sénior do S.C. Valenciano e do Tyde F.C.



11.- I FESTIVAL EUROCIDADE DE PARAPENTE

Durante o mes de agosto se celebrará o I Festival Eurocidade de Parapente, organizado polo Club de Parapente Asas do Minho de Valença, no que poderán participar todos aqueles afeccionados a este deporte.



12.- V TRAVESÍA A NADO EUROCIDADE

Setembro de 2015

Travesía popular a nado, cruzando o Río Miño, dende o marxe de Valença do Minho ata o marxe de Tui.

Dirixido a nadadores maiores de 16 anos populares.

200 participantes



13.- IV TROFEO DE FÚTBOL 7 EUROCIDADE

12 e 13 de setembro de 2015

300 xogadores en categorías Benxamín e Alevín

Responsables: Técnicos Municipais de Tui, Valença e responsables do Tyde FC



14.- II TROFEO DE FÚTBOL 7 EUROCIDADE

18 e 19 de setembro de 2015



15.- II CAMPIONATO DE TENIS EUROCIDADE

Do 19 de setembro ao 5 de outubro de 2015

Na edición anterior participaron 100 deportistas, que disputaron os encontros nas pistas de tenis de Areas en Tui e nas pistas de tenis da piscina municipal de Valença.

Nesta segunda edición, se celebrarán as finais en Valença.



16.- LIGA FÚTBOL SALA SAUDABLE EUROCIDADE

De outubro de 2015 a xuño de 2016

30 equipos de Tui e Valença, *xogando partidos SIN ÁRBITROS* de luns a venres de 21.00 a 22.00 e de 22.00 a 23.00 horas nas instalacións deportivas de ambos concellos.

450 Participantes



17.- II TORNEO DE BAILE DEPORTIVO EUROCIDADE

18 de outubro de 2015

300 participantes federados de Galicia e Norte de Portugal.

Responsables: Técnicos Municipais de Tui e Valença, así como responsables da Escola de Baile Pasos Galicia e da Federación Galega e Portuguesa de Baile Moderno.



18.- IV TROFEO EUROCIDADE DE NATACIÓN

12 de decembro de 2015

100 participantes



19.- I FESTIVAL AEREO EUROCIDADE

En data por determinar, se realizará o *I Festival Aereo Eurocidade*, coa colaboración do Club Aereo de Cerdal, no que diferentes tipos de avionetas realizarán diferentes percorridos polo baixo miño.





“O Río Miño xamais nos separou”

Arturo, alcalde de Salvaterra

“Veinte años no es nada” di a canción, pero que significaron para Salvaterra estes últimos anos coa Ponte sobre o Miño?

■ A verdade é que estes 20 anos pasaron demasiado rápidos e sobre todo que, con boas comunicacións, neste caso coa Nova Ponte, pasaron ou circularon con máis rapidez.

Con boas comunicacións os pobos melloran, medran e afianzan as súas relacións. Este foi o caso de Salvaterra que aumentou considerablemente a súa poboación, neste momento estanse alcanzando os 10.000 habitantes, aumentaron os negocios e empresas que se instalaron no termo municipal; a máis poboación máis servizos en instalacións deportivas, culturais, educativas e sociais.

Salvaterra pasou de ser un Concello “normal” a ser unha referencia no sur de Galicia e norte de Portugal, por como planificou o seu crecemento. Máis de 1000 árbores plantadas, un recinto amurallado con Castelo, que foron adquiridos polo Concello e rehabilitados, un gran parque-xardín A Canuda, dos máis visitados de Galicia, rúas e beirarrúas anchas, praza e casa do Concello nova, paseos fluviais, etc.; somos a vila, dentro da nosa categoría, con máis metros cadrados de zonas verdes por habitante. En resumen Salvaterra coa Ponte Internacional sufriu unha gran transformación e sigue no camiño do progreso, xa que está en marcha - por fin- un polígono industrial (PLISAN) o maior de Galicia, comunicado por autoestrada

e ferrocarril, cuxas obras comezarán no verán deste ano. Este crecemento viu acompañado dun incremento poboacional importante onde moita xente nova escolleu o noso Municipio para asentarse.

Coa ponte podemos afirmar que desapareceu, dalgún xeito, o estraperlo. Salvaterra gañou ou perdeu con -con este cambio?

■ Tanto en Salvaterra, como en tódolos Concellos fronteirizos á beira do río Miño, ou Pai Miño como é coñecido, existiu o contrabando, que era o que axudaba dalgunha forma a vivir, porque naquela época había poucas empresas e postos de traballo. Era un contrabando de produtos alimenticios e de bestiaro sobre todo, pola diferenza de prezos destes produtos entre Galicia e Portugal, e tamén polo cambio de moeda entre escudos e pesetas.

■ Penso que Salvaterra coa ponte gañou moito a todos os niveis, e iso pódese comprobar coa evolución que sufriu este Concello.

Remedando a João Verde, poeta monçanense, a Galiza máis o Minho xa teñen permiso para casarse, que espera vde. deste matrimonio?

■ Este “matrimonio” ,como di o

poeta, existiu dende sempre porque tanto os veciños de Salvaterra como os de Monção sempre estiveron ben relacionados e unidos. O Río Miño xamais nos separou, serviu se cabe como un punto de unión e fortaleza para os dous municipios, xa que sempre nos deu o mellor del.

Os dous Concellos sempre tiveron unha relación estreita e cando un matrimonio ten moi boas relacións, o seu presente e futuro debe ser moi satisfactorio.

Galicia e o Norte de Portugal conforman unha Eurorrexión; sobre o Minho cónfórmanse “eurociudades”, non sería mellor configurar un só País (Gallaecia) dende o Douro ata Fisterria?

■ Penso que dende o Douro ata Fisterria todo é moi parecido, a paisaxe, case todas as costumes, a gastronomía, a simpatía das persoas, o clima, os seus ríos, os seus montes, etc., todo isto configura un territorio moi similar, que neste momento unha parte corresponde a España, que é Galicia, e outra a Portugal, e nesta Europa das rexións non se sabe o que nos traerá o futuro.

Parece que por fin imos ter Porto Seco. Quen cre debe asumir responsabilidades por esta

“desfeita” de tantos anos esperando?

■ É verdade como Vd. di que por fin imos ter Porto Seco, cunha fase importante financiada cun ornamento aprobado, as obras saíran a subasta antes do verán, traendo postos de traballo que son moi importantes, sobre todo neste tempo de crise.

As responsabilidades de que as obras non comezaran antes é neste momento non estivese rematado, con empresas instaladas e bastantes postos de traballo para os veciños, penso que a culpa é de tódalas partes, que non estiveron á altura das circunstancias e necesidades do que isto supoñía para a creación de postos de traballo, para os veciños e familiares que tanta falla fan. Puideron respectar todos os dereitos que lle correspondían ás partes, pero as obras deberon comezar no seu día e hoxe tódolos veciños serían máis beneficiados, polo movemento que este gran polígono podería estar xerando. Temos que ser optimistas e pensar que unha vez rematadas as obras Salvaterra poderán coller o tren que perdeu no seu día, por culpa das partes implicadas no desenvolvemento da Plisan (Porto Seco) .



29 MARZO

20 ANOS DA INAUGURACIÓN
DA PONTE INTERNACIONAL
(1995 – 2015)

EUROCIDADE MONÇÃO – SALVATERRA DE MIÑO

Exposición

A exposición itinerante "Manuel Rodríguez López. Emigrante galego, poeta obreiro" recala na Casa de Galicia en Madrid

O obxectivo da mostra é dar a coñecer a figura e obra do escritor lucense

Madrid, 4 de marzo de 2015. - A figura do poeta lucense Manuel Oreste Rodríguez López (1934-1990) é protagonista da exposición itinerante "Manuel Rodríguez López. Emigrante galego, poeta obreiro" que se inaugurou hoxe na Delegación da Xunta de Galicia en Madrid-Casa de Galicia co obxectivo de difundir a vida e obra do escritor de Paradela (Lugo) que a dicir de Méndez Ferrín, na súa tese "De Pondal a Novoneyra" é o máis grande poeta obreiro de Galicia da segunda metade do século XX. Foi organizada por GaliciaDigital coa colaboración da familia do escritor, o Concello de Paradela, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo e a Real Academia Galega.

Na presentación da exposición interviñeron José Manuel Mato, alcalde de Paradela, Irene López, viúva de Manuel Rodríguez López, Xulio Xiz, xornalista, que falou en nome da familia do escritor, Antonio Giz, director de GaliciaDigital, e, en representación do delegado da Xunta de Galicia en Madrid, José Ramón Ónega, o coordinador de Actividades Culturais da Casa, Ramón Jiménez.

Todos eles se referiron á figura do poeta e a súa obra, da que destacaron, entre outras cousas, que foi secretario do Centro Galego de Barcelona e "chegou a ser a ponte perfecta entre os galegos en Cataluña e a Galicia interior a través da súa poesía, da súa narrativa e das súas crónicas xornalísticas" que publicou, entre outros medios, en El Ideal Gallego, El Progreso e Faro de Vigo. Tamén que a forza expresiva da súa poesía é froito do amor do autor por Galicia e o galego e da súa experiencia como obreiro en Cataluña nas décadas dos cincuenta, se-



■ Unha asistente ao acto ante un dos paneis da exposición.

senta e setenta. Os seus temas recorrentes, sinalaron, son a terra, a emigración, o traballo e a defensa dos máis humildes.

A mostra está composta por oito paneis imprimidos polas dúas caras, dispostos de forma que permite a circulación do público arredor destes, e un audiovisual sobre o autor. Antes de chegar a Madrid estivo nas principais cidades galegas, polas que continuará o seu periplo, xunto coas catalás.

Manuel Rodríguez López foi emigrante en Barcelona -chegou coa súa familia aos seis anos-, onde desenvolveu unha importante carreira literaria que culminou na súa etapa lucense ata o seu falecemento. Foi nomeado Fillo Predilecto de Paradela, onde dá nome á Casa da Cultura e a un certame literario.

Máis información en www.manuelrodriguezlopez.org



■ Xiz, Mato, López, Jiménez e Giz

www.asneves.com

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA



XXV Feira do REQUEIXO e do MIEL

AS NEVES
3 | abril | 2015



XUNTA DE GALICIA



Deputación
Pontevedra



CONCELLO
DE AS NEVES



Eurocidade Convida a Caminhar entre Portugal e Espanha

Valença e Tui arrancam, em março, com um ciclo anual de 17 caminhadas programadas, distribuídas pelas duas cidades, no âmbito da Rede de Trilhos Pedestres da Eurocidade. Percursos que prometem proporcionar a descoberta dos encantos naturais e patrimoniais, mais bem guardados, das cidades fronteiriças de Valença e Tui.

A primeira caminhada decorrerá no Trilho Interpretativo da Veiga da Mira, em Valença, sábado, 14 de março e o calendário prolonga-se até 12 de dezembro. Em Valença os trilhos decorrem sempre no segundo sábado de cada mês e em Tui no último domingo do mês.

Percursos circulares à descoberta dos valores patrimoniais, culturais e naturais tem cativado, ano após ano, um número crescen-

tes de amantes da natureza e do turismo ativo, tornando a Eurocidade uma referência no Noroeste Peninsular.

Todos os percursos são de pequena rota à exceção do Trilho Travessia por Terras da

Eurocidade, uma grande rota, que decorrerá em 12 e 13 de setembro.

Um Passaporte de Caminheiro proporcionará a oportunidade de fidelização dos caminhadores, com a informação básica sobre cada trilho.

Para Jorge Salgueiro Mendes, "O turismo de natureza tem atraído, à Eurocidade, um número crescente de aficionados às caminhadas que Valença e Tui tem potenciado com a Ecopista do Rio Minho e uma ampla Rede de Trilhos Pedestres".



Valença: sabores da lampreia (Do 20 a 22 de março)

Preços baixos nas 5 variedades de lampreia do rio Minho

A lampreia do rio Minho, considerada a melhor do mundo, vai ser confeccionada, em Valença, de forma tradicional, pelas mãos sábias e experientes da Associação Sabores do Rio Minho, numa festa gastronómica. Entre 20 e 22 de março, cinco variedades diferentes para degustar, a preços populares.

Sabores da Lampreia é um convite irresistível para saborear a lampreia a 10 euros a dose. Lampreia à Bordalesa, Arroz de Lampreia, Fumada/Grelhada, Assada no Forno, Recheada ou o prato dos cinco sabores, são os tipos de lampreia possíveis de saborear. Como prato alternativo os tradicionais Rojões. Acompanham o caldo verde, bem como os bons vinhos verdes da região e as sobremesas típicas.

Sabores da Lampreia é uma genuína festa gastronómica valenciana que a par de se comer bem proporciona um ambiente acolhedor e animado. Esta é romaria obrigatória que, os bons garfos, todos os

anos repetem.

A iniciativa é da Câmara de Valença, Junta de São Pedro da Torre e da Associação Sabores do Rio Minho.

Quem já percorreu os Sabores da Lampreia repete!

Esta é uma oportunidade única para comer uma boa lampreia. Séculos de tradição a apurar receitas resultam em 5 pratos que são um convite a deliciar-se com estes manjares.

Para Jorge Salgueiro Mendes, "A Lampreia de Valença é, hoje, uma referência gastronómica, a par do Bacalhau para os apreciadores da boa comida. Esta mostra consolida-se, ano após ano e está, hoje, entre os grandes eventos gastronómicos da região".

www.cm-valenca.pt

Tel: 251 809 524

www.facebook.com/municipiodevalenca

www.twitter.com/#!/mun_valenca

E-mail: imprensa@cm-valenca.pt





José Antonio del Rey Director de Operacións de Viaqua

Cal é a orixe da auga da que se abastece a Mancomunidad do Salnés?

■ O abastecemento da Mancomunidad do Salnés capta a auga do río Umia, a uns 200 metros

augas arriba de Pontearnelas. A auga é captada desde o río por gravidade, sendo ésta conducida ata tres pozos de auga bruta, desde donde aspiran las bombas que impulsan a auga ata a Estación de Tratamiento de Auga Potable (ETAP) ubicada no lugar de Troviscoso.

Que tratamento se lle dá á auga para consumo humano na ETAP do Salnés?

■ A ETAP do Salnés ten unha capacidade de tratamento de 320 litros por segundo. No comezo do tratamento a auga mesturase na cámara de entrada á planta, donde ten lugar a pre-cloración e adición dos reactivos necesarios para a coagulación y floculación. Despois pásase á decantación (2 unidades), co obxecto fundamental de eliminar a materia coloidal que lle confire a turbidez á auga. Posteriormente, a auga decantada pasa á tubería dos filtros de area (8 unidades), donde se lle engade o hidróxido sódico para corrixir o pH e de ahí aos filtros de area

donde se eliminan os posibles floculos arrastrados, así como a materia flotante que persistira. Por último, na canle existente á saída dos filtros, a auga sométese a unha post-cloración, axustando o cloro residual, aos niveis desexados en cada caso. O depósito Xeral da Mancomunidad do Salnés, que está situado Xusto a carón da ETAP é de 10.000 m3 separado en

microbiolóxica e por materia orgánica, cuxo orixe está nos vertidos de augas residuais urbanas, industriais e agrogandeiros. Asemade desto, no ano 2007 toma especial relevancia a presenza no río da alga tóxica Microcystis. Esta cianobacteria aparece no embalse de Caldas e se traslada río abaixo ás captacións de abastecemento de

toxicidade. Debido a estos efectos nocivos para a saúde é necesario dotar a esta planta de novos procesos tales como ultrasonidos, ozono, carbón activo, u otros.

Que poboación abastece desde a ETAP?

■ Abastécese desde esta planta de tratamento os Concellos de Cambados, Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa, O Grove, Ribadumia, Meaño, Villalonga (Sanxenxo). A maiores, indirectamente a través de Vilanova de Arousa e Ribadumia, os Concellos de Vilagarcía de Arousa e Meis respectivamente. Cunha poboación abastecida que supera os 100.000 habitantes.

Desde cando xestiona Viaqua as instalacións da Mancomunidad do Salnés?

■ VViaqua comezou a xestionar en maio de 1991 o sistema de captación, impulsión, tratamento (ETAP), almacenaxe e transporte en Alta ata os concellos da Mancomunidad. Esta é unha das 51 estacións de tratamento das que nos ocupamos espalladas por toda Galicia. Como empresa galega do sector do medio ambiente xestionamos todos os procesos relacionados co ciclo integral da auga e a nosa presenza abrangue a un total de 59 concellos gallegos.

“La ETAP da Mancomunidad dol Salnés abastece de auga a unha poboación de máis de 100.000 habitantes”

dous vasos, interconectados entre eles, o primeiro de 4.000 m3 que subministra a os municipios de Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa y Vilagarcía de Arousa, e o segundo de 6.000 m3 aos municipios de Cambados, O Grove, Meaño, Meis, Ribadumia e Sanxenxo. Este volumen de almacenamento é moi baixo en épocas estivais xa que se suministran valores moi superiores ao dobre de dito volumen.

Cal é o principal problema que se plantexa no tratamento da auga captada no río Umia?

■ O río Umia padece un problema crónico claramente definido: a contaminación

auga de Caldas de Reis en primeiro lugar, seguido de Portas, Vilagarcía de Arousa (Baión), Mancomunidad do Salnés (Pontearnelas) e por último o bombeo para a Illa da Toxa. Esta toxina prolifera en verán co aumento da temperatura da auga e das horas de luz. E como se sabe, as microcistinas son tóxicas para os humanos e dan lugar a alteracións gastrointestinais, reaccións alérxicas ou irritación. Durante as últimas dúas ou tres décadas, identificáronse as estruturas químicas dunha serie de toxinas cianobacterianas (cianotoxinas) e establecéronse os seus mecanismos de

José Alfredo Bea García

Concelleiro de Medio Ambiente do Concello do Grove

Que supuxo para o Concello do Grove a celebración do VI Congreso Galego de Medio Ambiente & Saúde?

■ Como sede anfitriona, sen dúbida foi dunha grande trascendencia para o Concello do Grove converterse no punto de encontro de 127 ambientalistas procedentes de máis de corenta concellos galegos, 40 poñentes de recoñecido prestixio a nivel internacional, nacional e galego, e a presenza de autoridades salientables, debido ao interés e actualidade dos temas tratados, á calidade dos poñentes e ás atractivas visitas prácticas programadas. Durante esa semana tratáronse diversos contidos de interese non só a nivel da comarca do Salnés senón tamén a nivel provincial e galego o que trascendeu máis alá das nosas fronteiras logrando captar a aten-

ción de outros actores que se sumaron á iniciativa, participando activamente e cun alto nivel de satisfacción, tal e como indican as enquisas. Realmente o desenrolo desta intensa semana adicada ao medio ambiente logrou converter a O Grove en referencia ambiental de Galicia, o cal sen dúbida xurde do esforzo que se leva a cabo desde hai anos por parte desta concellería. Creemos firmemente que a aposta por este sector é o futuro para o noso Concello e por eso non deixaremos de seguir achegando o noso gran de area a que sexa unha realidade, igual que o está facendo desde hai máis de 35 anos o profesor Peña, a quen agradecemos o seu nivel de compromiso e gran dedicación ademais da súa vocación de servizo público, nun sector moitas veces tan pouco agradecido.

O Concello do Grove entrevistou na IV Sesión Plenaria de Residuos e chama poderosamente a atención que un concello relativamente pequeno poida dispor dun sistema implantado habitualmente nas grandes cidades ¿Cómo foi posible este feito?

■ Efectivamente, así é, el municipio dispón dun novo sistema de recollida de residuos de carga lateral que se pode contemplar habitualmente nas grandes cidades. Si non o teñen outros concellos non é porque non o queiran senon porque non é viable economicamente. Que se implantara no O Grove débese a un grande traballo que se desenvolveu na recollida selectiva municipal durante anos, convertindo un sistema deficitario ou carente de interese empresarial nun referente na xestión de residuos a nivel au-

tonómico e mesmo estatal. Grazas a elo logramos atraer grandes empresas que apostaron pola nosa xestión implicando un investimento de preto dun millón de euros no Concello do Grove sin que elo lles custe un só céntimo aos nosos veciños. O que se amosou en O Grove é que é posible facer grandes melloras no sector sin que elo teña repercusións económicas no recibo do cidadán e por eso convidado, humildemente, a calquera concello de Galicia a que poidan observar o modelo de xestión implantado na nosa localidade. Como ben dixo o profesor Felipe Macías no congreso: “debemos pensar nos residuos como un recurso” e iso é precisamente o que levamos facendo desde ha casi

oitoo años na nosa concellería: o considerar aos residuos como unha fonte de ingresos.



Illa da Toxa – O Grove

O Grove, punto de encontro de 40 expertos, 127 ambientalistas sanitarios, alcaldes e autoridades de máis de 40 concellos de Galicia

VI Congreso Galego de Medio Ambiente & Saúde LV Curso de Saúde Ambiental

máis información en www.medioambienteysalud.com

A vila de O Grove, acubillou do 23 ao 27 de febreiro a celebración do VI Congreso Galego de Medio Ambiente & Saúde - LV Curso de Saúde Ambiental, que tivo como sede anfitriona e organizativa ao Concello do Grove, e contou coa presenza de 40 expertos de recoñecido prestixio e profesores do máis alto nivel, o que converteu á vila de O Grove durante esa semana na capital do medio ambiente de Galicia ao ser punto de encontro de 200 persoas procedentes de máis de 40 concellos de Galicia. O devandito congreso forma parte do Programa Galego Municipios Saudables e Sostibbles 2000-2015, iniciativa itinerante pioneira en Europa e referente da formación ambiental en Galicia. Arrincou no ano 2000 cos parabens de la OMS e baixo a dirección do profesor Francisco Peña (ponteareano de pro), fundador responsable do Programa Galego Municipios Saudables e Sostibbles e director dos Cursos de Saúde Ambiental, tras 15 anos de periplo itinerante pola xeografía galega e 55 edicións de Cursos de Saúde Ambiental realizados en Galicia desde a súa posta en marcha no ano 2000, está contribuíndo a sentalos alicerces do desenvolvemento sostible futuro de Galicia, coa participación de 260 concellos e 5.451 ambientalistas ata o momento.

O congreso, artellado p la Sociedad Española de Sanidad Ambiental e a Consellería de Sanidade, baixo o patrocinio de Gas Natural Fenosa e Viaqua, e como sede anfitriona cabe salientar o papel do Concello do Grove que se volcou coa iniciativa, que tivo un gran poder de convocatoria, e que se celebrou no Centro de Convenciones Isla de la Toja, que brindou todo o seu apoio e profesionalidade para que esta edición de especial relevancia e significación, constituíra un éxito apoteósico sen precedentes, tal e como indican as enquisas, que salientan o alto nivel de satisfacción dos congresistas. Tamén cabe



■ Dra. María Neira (OMS) e Francisco Peña, nun recente encontro no Hotel Palace – Madrid a favor da causa da saúde ambiental do planeta.

destacar a colaboración de institucións (Axencia Turismo de Galicia, Deputación de Pontevedra, Consellería de Medio Ambiente, Augas de Galicia, Mancomunidade do Salnés, Academia Galega de Seguridade Pública, Intecmar), entidades e empresas relevantes a nivel nacional e de Galicia (Iberdrola, Hijos de Rivera, S.L., FCC Servizos Cidadáns, Espina Obras Hidráulicas, S.A., AENOR, Applus, Novotec, Jael) e do Salnés (CRDO Rías Baixas, Conservas Selectas de Galicia: Cuca e Isabel, Mares do Grove Neptuno Sub, SEO BirdLife Grupo Local Pontevedra), así como a participación dos concellos da Comarca do Salnés (Cambados,

Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa) asemade do Concello de Ponteareas, representado por Andrés Sampedro Fernández, concelleiro de Ensino, Cultura e Turismo.

O congreso tivo como obxectivo establecer un foro de debate i estudo da situación ambiental do Salnés e de Galicia, dos seus problemas e carenzas que se consideran máis importantes, así como as propostas de mellora que se deberán adoptar para intentar corrixir e/ou minimizar as deficiencias detectadas, ademais de dar pe a un maior nivel de compromiso, a cooperación e o diálogo de todos os axentes sociais implicados na protección e conservación do patrimonio natural do Salnés e de Galicia, mellor legado para xeracións vindeiras; apoiar la formación de técnicos ambientalistas e de todos os axentes sociais implicados na tarefa de protexer e conservar o medio ambiente e promover entornos saudables, por en valor o patrimonio natural do Salnés e contribuír a sentar as bases do seu desenvolvemento sostible futuro, mellorar a xestión nos aspectos ambientais da saúde dos concellos, e con elo as condicións da vida urbana dos cidadáns, tendo sempre moi presente o peso específico que ten o medio ambiente como xerador de actividades capaces de producir emprego, renda, saúde e benestar á poboación.

A calidade do programa do congreso e o prestixio dos ponentes que participaron (cabe salientar a mensaxe inaugural desde a propia sede en Xenebra de la OMS a cargo da Dra. María Neira que lidera a Saúde Pública e o Medio Ambiente a nivel mundial; así como a participación de primeiros espadas de recoñecido prestixio a nivel nacional e internacional, como Domingo Gómez Orea (emprendimiento verde), Aurelio Hernández Muñoz (aguas), Rosalía Fernández Patier (calidade do aire), José Vicente Martí Boscà

“O Concello do Grove en recoñecemento ao admirable profesor Francisco Peña Castiñeira polo seu altruista e impagable traballo a favor da mellora do medio ambiente”. Miguel Ángel Pérez García, alcalde de O Grove, entregoulle unha réplica en bronce da Familia Mariñeira



■ Francisco Peña e Miguel Ángel Pérez García

(cambio climático) e un longo etc. O congreso contou coa acreditación académica da USC y UVIGO, o recoñecemento de interese sanitario da Consellería de Sanidade; o de relevancia administrativa pola AECA-Instituto Internacional de Ciencias Administrativas así como o da AGASP.

127 congresistas procedentes de máis de 40 concellos de Galicia: técnicos e funcionarios das administracións públicas; profesorado de universidade, ensino secundario e formación profesional; xestores e técnicos de empresas; profesionais diversos; axentes que realizan tarefas de vixilancia e protección da natureza (Seprona, policía local, protección civil, MAN e montes, gardacostas); representantes de asociacións ecoloxistas e ONGs que traballan na defensa do medio ambiente; estudantes universitarios e de formación profesional, etc.

Tratáronse algúns dos principais problemas ambientais de Galicia e o Salnés, que é unha das zonas con máis potencialidade do territorio galego. Abordáronse temas como a calidade do aire, o transporte ecolóxico e a loita contra o cambio climático (darlle un pulo ás enerxías renovables, modelo enerxéticos sostible); o estado actual da ría de Arousa (depuración, mantemento axeitado das depuradoras e un maior control por parte da administración); a calidade das augas e a súa xestión facendo especial fincapé no Salnés (ETAPs + EDARs); a xestión dos residuos (pular pola recollida selectiva,



■ Mesa presidencial do acto inaugural: Francisco Peña, Manuel Fernández Pellicer (delegado xeral en Galicia de Gas Natural Fenosa), Begoña Estévez Bernárdez (deputada provincial de Deportes, en representación da Deputación de Pontevedra), Miguel Ángel Pérez García (alcalde de O Grove), Gonzalo Hermida Durán (presidente da Mancomunidade do Salnés e alcalde de Vilanova de Arousa), Ángel Gómez Amorín (vicepresidente da SESA e subdirector xeral da Consellería de Sanidade), e José Alfredo Bea García (concelleiro de Medio Ambiente do Concello do Grove).

complementariedade de procedementos, converter os residuos nun recurso, etc.); o emprendemento empresarial "verde" como xerador de emprego e desenvolvemento sostible; e a xestión dos recursos naturais como factor de desenvolvemento socioeconómico de Galicia e do Salnés (puxéronse en valor as súas afoutezas y potencialidades e a necesidade dunha axeitada xes-

tión dos seus recursos naturais: as illas de Cortegada, Ons e Sálvora máis vencelladas ao Salnés que conforman o Parque Nacional Marítimo-Terrestre Illas Atlánticas de Galicia, os recursos mariños, o medio natural, o termalismo, a viticultura, a gastronomía, etc., pezas clave para impulsar o turismo sosteible e de calidade, de natureza e de saúde, etc.).

O congreso celebrouse nun enclave emblemático e estratéxico desde o punto de vista turístico e de natureza. Desenvolveuse unha ruta de turismo verde espectacular polos xardíns históricos e árbores monumentais da comarca do Salnés, a cargo do profesor Carlos Rodríguez Dacal. Visitáronse os balnearios do Gran Hotel La Toja e do Hotel Isla de la Toja, pioneiros e impulsores do termalismo de calidade xunto co balneario de Mondariz. Visi-

touse a nova EDAR municipal do Concello do Grove que contribuíra a evitalo impacto ambiental e sanitario dos verquidos das augas residuais á ría de Arousa, o cal será un gran logro que beneficiará aos intereses desa zona e do sector. Fíxose unha un viaxe no catamarán Mares do Grove Neptuno Sub pola ría de Arousa, unha das máis fermosas e productivas do mundo, que os congresistas disfrutaron e puxeron en valor.



■ Mesa presidencial del acto de clausura: Francisco Peña, Andrés Sampedro Fernández, Tomás Fole Díaz (alcalde de Vilagarcía de Arousa), Nava Castro Domínguez (directora Axencia Turismo de Galicia) Miguel Ángel Pérez García, Luís Menor Pérez (director da AGASP), Casimiro González Fernández (Viaqua).

“Recoñecemento do Seprona a Francisco Peña polo seu amor ao medio ambiente”. Héctor García Carril, xefe da Patrulla do Seprona de Vilagarcía de Arousa, fíxolle entrega dunha metopa



■ Francisco Peña i Héctor García Coello

Illa da Toxa – O Grove

Galardoados polo Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles na 55ª edición

Medallón conmemorativo de prata e esmalte

Intecmar



■ Covadonga Salgado Blanco (directora de Intecmar), Ángel Gómez Amorín e Francisco Peña.

Grupo La Toja



■ Francisco Marcos Carro (director Gran Hotel La Toja), Miguel Ángel Pérez García e Francisco Peña.

Mancomunidade do Salnés



■ Casimiro González Fernández (Viaqua), Gonzalo Durán Hermida (presidente Mancomunidade do Salnes) e Francisco Peña.

Deputación de Pontevedra



■ Manuel Fernández Pellicer (GNF), Begoña Estévez Bernárdez (deputada provincial de Deportes da Deputación de Pontevedra) e Francisco Peña.

Concello do Grove



■ Francisco Peña e Miguel Ángel Pérez García (co medallón).

Insignia de prata e esmalte

A Luís Aragunde Aragunde, alcalde de Cambados (Cambados acolleu esta iniciativa na súa 29ª edición no ano 2006)



■ Luís Aragunde Aragunde (alcalde de Cambados) e Francisco Peña.

A Tomás Fole Díaz, alcalde de Vilagarcía de Arousa. (Vilagarcía de Arousa acolleu esta iniciativa na súa 5ª edición no ano 2000)



■ Francisco Peña e Tomás Fole Díaz.

Recoñecemento aos colaboradores

A José Alfredo Bea García, Francisco Meis Durán e Héctor Mariano García Coello



■ Francisco Meis Durán, Héctor Mariano García Coello, José Alfredo Bea García.

Foto de familia de responsables políticos da provincia de Pontevedra que asistiron á sesión inaugural do congreso



■ Luís Aragunde Aragunde (alcalde de Cambados), Salomé Peña Muñiz (alcaldesa de Ribadumia), Manuel Fernández Pellicer (GNF), Lourdes Ucha Varela (alcaldesa de Meaño), Begoña Estévez Bernárdez (Deputación de Pontevedra), Miguel Ángel Pérez García (alcalde de O Grove), Gonzalo Durán Hermida (alcalde de Vilanova de Arousa), Francisco Peña e Andrés Sampredo Fernández (Concello de Pontearreas)

Ledplus. Invertimos en tu ahorro.

La iluminación más eficiente para tu negocio.

Con el tiempo, la iluminación puede quedar antigua e ineficiente, incrementando aún más la factura eléctrica. Con la solución Ledplus podrás **sustituir toda la iluminación de tu empresa por tecnología led** y disfrutar de numerosas ventajas:

hasta 70%
reducción
consumo

primeras
marcas

sin
inversión
inicial

+ecológico
-emisiones

hasta 40%
+iluminación

50.000
horas de
vida útil

ahorro
económico
desde el primer momento

Además, si eres cliente eléctrico, podrás beneficiarse de un **5% de descuento en la solución Ledplus**. Porque no todos los leds son iguales, apuesta por la calidad y garantía de Gas Natural Fenosa.



Pide presupuesto sin compromiso y sin coste alguno.

900 40 20 20

www.gasnaturalfenosa.es/ledplus

eficienciaenergetica@gasnaturalfenosa.com

ledplus

gasNatural
fenosa



Ourense

Inaugurado o novo edificio xudicial de Ourense no que a Xunta investiu 18 millóns de euros

O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, referiuse ao novo edificio xudicial de Ourense como a proba de que cando a Xunta e a Administración Local traballan conxuntamente gañan, “porque gañan as cidades e porque, sobre todo, gañan os cidadáns”.

Feijóo precisou que o novo edificio xudicial de Ourense, que supuxo un investimento de 18 millóns de euros é a maior infraestrutura xudicial que este Goberno fixo nos últimos seis anos. Conta con máis de 14.000 metros cadrados distribuídos en nove plantas; ten capacidade para 24 xulgados e 16 salas de vistas, con espazos para os servizos de rexistro civil, Imelga, oficina de atención ao cidadán e á vítima, colexios profesionais, servizos de notificacións e embargos, etc. e dará servizo a máis de 200 profesionais. O presidente da Xunta afirmou que esta nova sede xudicial é a mostra de que os galegos nos momentos máis aciagos da crise económica “fomos quen de tentar non renunciar á mellora dos servizos públicos durante esta profunda crise económica”. “Por iso, agora que comeza a amainar o temporal económico, podemos dicir que os servizos públicos quedaron preservados tanto no eido da sanidade -con hospitais novos ou renovados nas principais cidades, e máis centros de saúde-; na educación pública -incorporando ao ensino novas tecnoloxías-; e no eido da Administración xudicial, máis eficiente e áxil, con máis infraestruturas físicas e grazas ao uso das TIC”, aseverou.



■ As autoridades escoitando as explicacións dos técnicos.



Plan Senda

■ Co obxectivo de acadar un sistema xudicial con máis recursos pero, tamén, cunha organización eficaz e dilixente que o faga máis próximo ao cidadán, Feijóo lembrou a posta en marcha do Plan Senda 2010-2014 que, cun investimento superior aos 30 millóns de euros, conseguiu ata o de agora avances como: a renovación do equipamento informático na administración xudicial; a incorporación da videoconferencia en 60 salas; a utilización do sistema de gravación de vistas con sinatura dixital, que a finais de marzo estará operativo en 94 salas; a presentación telemática de escritos a través do programa Lexnet (que nos últimos catro anos rexistrou 10 millóns de no-

que xa foron rexistrados preto de 240.000 expedientes de 120 órganos xudiciais, coa previsión de conseguir un 75% máis de espazo nas dependencias dos xulgados galegos. E, coa finalidade de acadar unha xustiza máis próxima ao cidadán, o Goberno galego está a impulsar medidas como a asistencia xurídica gratuita para as persoas que non teñen recursos, dotándoa do financiamento necesario e axilizando os pagamentos; e está a apostar pola mediación intraxudicial.

“conseguir un 75% máis de espazo nas dependencias dos xulgados”

tificacións); a posta en marcha do portal da Xustiza, e dunha axenda web de sinalamento de vistas; a entrada en funcionamento do portasinaturas dixital (para a sinatura de documentos por vía electrónica); a dixitalización do traballo dos forenses do Imelga; ou a acreditación dixital dos profesionais da xustiza. Todos estes avances completáranse co vindeiro Plan Senda 2015-2020, que permitirá facer efectiva a implantación do expediente xudicial electrónico ou a posta en marcha da sede electrónica dixital.

Nesta mesma liña, Feijóo salientou que a Xunta está a acometer un proceso de expurgo nas principais sedes de xustiza; e, ata o de agora, cómpre sinalar

Infraestruturas xudiciais

■ No tocante ao Plan de infraestruturas xudiciais, que conta cun orzamento de preto de 100 millóns de euros, o responsable do Executivo autonómico afirmou que se trata dun plan que está a poñer en evidencia o gran esforzo investidor que está a realizar o Goberno galego para ampliar a rede de infraestruturas xudiciais de Galicia. Ao fío disto, aseverou que nestes últimos cinco anos, a Xunta leva investido máis en obras de nova planta ou de reforma, que nos trece anos transcorridos

entre 1996 e 2009, desde que se lle transfiren á Comunidade as competencias de xustiza. “Un período no que se destinaron a infraestruturas xudiciais 41 millóns de euros fronte aos 50 millóns de euros que xa levamos executado nestes últimos cinco anos”, abundou.

O presidente da Xunta concluíu a súa intervención incidindo en que este novo inmoible vén solucionar os problemas de espazo que hai na actualidade no Pazo de Xustiza de Ourense; e revitalizará o barrio do Couto. Así mesmo, salientou que a colaboración entre administracións está a permitir afrontar outras grandes infraestruturas actualmente en marcha, como a ampliación

“se destinaron 41 millóns fronte aos 50 millóns que xa levamos executado”



■ Manifestación de sindicalistas no exterior dos novos xulgados de Ourense.

do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), ou o inicio das obras do centro de saúde do Couto.

No exterior do recinto xudicial a concelleira do BNG Ximena González e un grupo de sindicalistas de CCOO e UXT, manifestáronse con pancartas “polo dereito a vivenda”. A UXT denunciou o despilfarro na inauguración e á falta de licenza e seguro para o edificio. O Concello de Ourense concedeu a licenza tres días despois e anunciou a pavimentación da rúa Francisco Lloréns para comunicala ca de Bispo Lourenzo, o camino máis curto para acceder aos xulgados. O traslado do persoal e mobiliario desde a actual sede xudicial durará preto de dous meses



Vila Franca de Xira

Cartoonxira: humor e compromiso

As caricaturas máis destacadas do ano 2014, realizadas por autores portugueses, teñen a súa cita, do 14 de marzo ao 10 de maio, no Celeiro dá Patriarcal, na edición XVI do Salón CartoonXira, que patrocina a Cámara Municipal de Vila Franca de Xira, cidade natal do debuxante Antonio Antúnez, organizador da mostra.



■ O afrontoso
bronzado de Sócrates - Monteiro.

Por Francisco Puñal Suárez

CartoonXira é un excelente exercicio artístico, cheo de humor e sátira, celebrado anualmente e visitado por un público numeroso e entusiasta que agradece esta iniciativa por permitirlle a avaliación de importantes acontecementos nacionais e do mundo enteiro, e conta nesta ocasión con obras de Antonio Jorge Gonçalves, Carlos Brito, Bandeira, Gargalo, Antonio Maia, Augusto Cid, Cristina Sampaio, André Carrilho, Henrique Monteiro, e o propio Antunes. Unha segunda exposición está dedicada ao autor estranxeiro invitado, o polaco Pawel Kuczynski. Con anterioridade -desde o 2009 decidiuse internacionalizar o evento- participaron caricaturistas de talla internacional como Loredano, Sabat, Willem, Boligán, Turcios e Puig Rosado.



■ Saltar à troika - Antonio.



■ Cartaz Cartoon Xira.

A mostra inclúe diversos temas coma se fosen capítulos dun libro:

Goberno/ Vem ais vos russos/ 40 anos do 25 de abril/ Chineses/ Alá e tudo a volta/ Crise americana/ Duelo non PS/ Socrates non recante alentejano/ Papa Francisco/ Crise Europeia/ Banca: Ou fim do imperio Bes/ Crise Nacional/ Ébola.

Deste xeito, o municipio de Vila Franca de Xira, situado a trinta quilómetros de Lisboa, Portugal, realiza unha aposta cultural moi valedoira en defensa do humor gráfico e da caricatura política, convertendo o evento nunha homenaxe a ese gran debuxante

portugués que foi Rafael Bordão Pinheiro (1846/1905).

A tradición deste exercicio permite un diálogo dos caricaturistas coa poboación, achéganos aos problemas sociais, políticos e económicos do país luso, que sofre unha atmosfera opresora chamada crise e ofrécenos unha análise crítica profunda de os valores que imperan na sociedade e no mundo. Ratificanos a idea de que debuxar é unha acción que fortalece o espírito e tamén é unha acción purificadora. Apreciar estas caricaturas, gozalas, é unha oportunidade estética e humorística de alto nivel,

pois están cheas de sentido común, de enerxía poética, e os temas abordados resúltannos próximos e suxestivos. CartoonXira é unha oportunidade para estar atento á mirada singular e única

dos humoristas gráficos portugueses, que están moi pendentos dos gritos do pobo que sofre, da situación internacional, e que nos invitan a mirarnos a nós mesmos.



■ Reforma - Cristina.



■ Socrates preso - Carrilho



■ Governo mata - Gargal.




■ Os assaltos - Maia.



■ 25Abril - 40 anos depois - Gargalo.



■ Proposta indecente - Monteiro.



■ Refugiados sem Fronteiras - Brito.



■ Praxes_Publico-Privadas - Bandeira.

Historia

A escola na Gallaecia Hispano-Romana

Por Anxo Serafín Porto Ucha & Raquel Vázquez Ramil



■ Magister dando clase a un grupo de discípulos.

As fontes principais para o coñecemento das escolas romanas veñen dadas polo testemuño dos autores clásicos e tamén polos restos epigráficos (inscricións). Un testemuño da existencia destas escolas na Hispania é a Constitución dirixida por Valente (376) ao Prefecto das Galias, ordenando a presenza de Academias e Auditorias nas capitais de provincia, podéndoas ter o resto das cidades. Constata a existencia de escolas cristiano-romanas o Concilio de Elvira, celebrado nos tempos de Constantino, coa presenza de 19 Bispos e dalgúns clérigos. Polo que respecta ao carácter xeral da ensinanza, existían mestres públicos (non estatais) e oficiais (nomeados e retribuídos polas Curias). A disciplina era rixida, persistindo o adaxio de «a letra con sangue entra», como queda representado nos restos das pinturas murais de Pompeia.

A escola romana tiña como precedente e modelo a grega. Dúas voces servían para denominar a escola elemental, en perfecta congruencia co ideal educativo da *Kalokagathia* (educación física e intelectual): *palestra* e *didascalía*. Acolí a primeira en sesión matutina aos nenos dende a idade dos 7 anos, acompañados sempre polo *paidogogo* (escravo cultivado) para o exercicio físico e cultivo do corpo. Acudían a segunda, preferentemente pola tarde, para

a aprendizaxe da lectura, escritura e rudimentos do cálculo. Denominábase *Paidotriba* ao mestre da palestra e *Sofronista* ao que vixiaba a conduta moral; *Gramatista* ao que ensinaba os rudimentos do saber aludidos á *didascalía*. Herdeira Roma da cultura

grega, no período monárquico (s. VIII-IV a.C.) a educación desenvólvese basicamente na familia (*Paterfamilias* e *Materfamilias*); durante a República (s. IV-I a.C.), xa en contacto coa cultura grega xurdirá a escola nos diversos graos: ensinanza primaria (*Ludus*



■ Muller romana con utensilios de escritura.




■ Paedagogus griego levando a un neno romano a escola

litterarius), secundaria (*Auditorium*) e superior (*do Rethor*). Baixo o Imperio (s.I-IV d.C.) reafirmase e institucionalízase a escola, completando a educación familiar, tan importante en Roma. De 7 a 11 anos, o neno asiste ao *ludus*, baixo a dirección do *grammatista* ou *ludi magister*; dos 12 aos 15-18, ao *auditorium*, co *grammaticus*; de aí en diante ao *pedagogium*, recibindo as ensinanzas do *rethor*. Grazas a Catón e Plauto sabemos das súas características. Tamén hai referencias nas *Vidas Paralelas* de Plutarco. Quintiliano deixou nos referencias á escola primaria, ao aire libre, nos pórticos do foro, en casas particulares ou en locais alugados (*pergulae, tabernae*, das que

nos falan tamén Plinio e Tito Livio). Marcial queixábase do insoportábel ruído que facían os mestres. Como elementos materiais e organizativos, os mestres (*ludi magister*), en réxime de severa disciplina, ensinaba a lectura, escritura (escola do notarius) e cálculo (do *calculator*) como currículo obrigado. Asistían tanto os nenos coma a nenas.

O horario era de 6 horas e a clase comezaba moi temperá, soamente interrompida pola hora da comida (*prandium*) e continuando pola tarde. Segundo Plinio e Juvenal, os mestres eran mal retribuídos. No Edicto de Diocleciano (301 d.C.) fíxose un soldo de 50 denarios mensuais por alumno. No caso do *Grammaticus* (11-




■ Tablillas de cera.

15 anos), tendo como base a *Paideia* grega, agora convertida en *Humanitas*, establecíanse 200 denarios, catro veces superior ao soldo do *Ludi magister*. Sobre esta cuestión quedan referencias en Suetonio, na súa obra *Vida de preclaros Gramáticos*. No último grao estaba a *Rethorica*, *escola do Rethor* (15-20 anos), coa que se completaba o *Trivium* e *Quadrivium*, institucionalizada progresivamente por Augusto, Vespasiano e Adriano. O *Rethor*, con cultura e consideración elevadas, viña a percibir uns 2.000 sestercios anuais por alumno, aínda que a miúdo estas cantidades non eran permanentes.

Como métodos e procedementos do ensino, utilizábase a aprendizaxe memorística do abecedario. Tanto os textos de Quintiliano coma o de San Xerónimo manifestan os instrumentos e material didáctico, coa presenza de letras de marfil ou de buxo para a lectura. Na escritura, usábase o papiro (obtido de planta fibrosa) e o pergameo (peles de diversos animais) polos alumnos de clase acomodada ou as tablillas con cera ou sen ela para os demais. Utilizábase pluma de caño e bronce (*calamus*) e a

tinta (*atramentum*) cos seus tinteiros. O libro adoptou dúas formas: o rolo ou volume, e o códice. Para borrar soía utilizarse a esponxa (*spongia deletilis*) no papiro e o ras



pa do r (*rasorium*) no pergamino. Todos estes útiles de escritura eran transportados dende a casa nun pequeno cofre (*theca*). Para o cálculo, en base á memoria e á repetición de números e as súas operacións, servíanse de pedriñas (*calculi*) e dos dedos da man. O paso seguinte era o uso do ábaco, no que o calculador amosábase como especialista na arte e manexo do referido instrumento. Os restos iconográficos dannos novas da severa disciplina escolar e dos distintos

artefactos de castigo corporal utilizados polas faltas cometidas (*ferula*, *flagellum*, *loru*, *scutica*, *viga*). Contra estes castigos clamarian autores como Quintiliano, Plutarco ou Prudencio. Tampouco a vida dos mestres era agradábel, tal como deixou expresado Aurelio Prudencio cando se refire ao penoso traballo do mestre, á dialéctica do mártir no *Peristephanon*, no himno a San Casiano.

Tras a ensinanza elemental do *ludus litterarius*, segundo as posibilidades económicas das familias, iniciábase a secundaria, baixo o *grammaticus*. Parece ser que este tipo de escolas remóntase á metade do s. II a.C. Ensinábase a lingua e literatura grega e latina, e non faltaban materias

auxiliares como a Historia, a Xeografía, a Física, a Astronomía e demais. A finalidade práctica desta escola viña dada pola capacitación dos xoves para administrar e gobernar as novas terras conquis-

tadas. A memoria seguía a ser o procedemento básico. Logo, na *escola do rethor*, centrada na elocuencia, preparábase aos xoves para a vida pública. Entre os profesores de Retórica na Hispania cabe citar ao príncipe dos mesmos: Quintiliano, autor dun texto fundamental, as *Institutiones Oratorias*.

O sinalado até aquí ten o obxecto de facilitar unha visión comprensiva e xeneralizada da educación en Hispania, nos distintos períodos de romanización, á que contribuíu, sen dúbida a expansión da cristianización, cuxos primeiros indicios atopámoslos no século III. De aí proceden as figuras principais da cultura paleocristiá do século IV e principio do V na zona noroeste, Prisciliano e a monxa Exeria, os historiadores Paulo Osorio e Idacio, este bispo de Chaves, Profuturo de Braga, Avito e Balconio, bispos de Braga. Polo que res-

Gallaecia, coa súa organización conventual. Os funcionarios e as súas familias terían acceso á cultura. Tamén é moi posíbel que habería estratexias para recibir elementos da escola primaria, lectura, escritura, cálculo. Igualmente, xentes procedentes da Gallaecia, vinculada ao exército é posíbel que, igualmente nos traslados, entraran en contacto coa escola do Imperio, como apunta Antón Costa na súa *Historia da educación e da cultura en Galicia* (2004).

Non abundan os textos concretos no caso da Gallaecia. A romanización foi tamén superficial e non deixaron de manterse substractos de carácter castrexo. Nas Inscriptiones Hispanae Latinae rexistradas por Hübner (1869) constátase a presenza dun *Grammaticus* en Asturica Augusta (Astorga). A chegada de Martiño de Dumio, a mediados do século VI, re-



■ Material de escritura romano "Tabula cerata" e diversos tipos de "stili"

pecta á división territorial, con Diocleciano (293) o Imperio quedaba configurado en Prefaturas, Dióceses e Provincias. Hispania sería Diocese da Prefatura das Galias, dividida en seis provincias, entre elas

presenta xa unha auténtica escola, que analizaremos nunha entrega posterior, no contexto do Reino Suevo e, posteriormente, San Frutuoso, Bispo de Braga, entre outros.



Deputación de Lugo

Orzamentos participativos, que recolleron a opinión de ducias de asociacións

A Deputación de Lugo, a primeira de España en contar cuns orzamentos participativos, que recolleron a opinión de ducias de asociacións que suman 55.000 veciños

- Está representado o 20% da poboación lucense maior de 16 anos, ben directamente ou a través dos 300 colectivos que tomaron parte na iniciativa
- Emprego, infraestruturas e políticas sociais son as áreas prioritarias para os participantes, con idades que oscilan entre os 16 dunha moza de Lugo e os 93 dun veciño de Vilalba. Os partidos xudiciais da Fonsagrada, Becerreá e Sarria foron os máis participativos
- Tras rematar esta primeira fase, a Deputación enviaralles este mes ao resto das administracións -como Xunta, Goberno central e concellos- as propostas e solicitudes veciñais que son da súa competencia

35 millóns de euros no 2015 para emprego, infraestruturas e políticas sociais

- As tres áreas de actuación que os lucenses marcaron como prioritarias concentran o 87% dos investimentos dos orzamentos, os primeiros participativos dunha Deputación en España
- Gómez Besteiro anunciou que en decembro lanzará un novo plan de emprego de 5 millóns de euros e no 2015 outro por 6,6 millóns, ambos dirixidos a todos os Concellos da provincia
- A institución reforzou xa este ano os investimentos en infraestruturas con 9,2 millóns e no 2015 dedica outros 11,5 para o POS, dotacións no rural, estradas e o PEIM. Cumpre peticións veciñais co arranxo das vías Friol-Parga e Momán-As Pontes, e as partidas para benestar social medran un 30%

Os 17 primeiros proxectos grazas aos Orzamentos Participativos

- O organismo provincial cumprirá co 90% das máis de 150 peticións concretas que fixeron os lucenses
- Dedicará 6 millóns para unha segunda edición do plan BEN EMPREGADO!, fará estudos das alternativas a SOGAMA e das vantaxes da biomasa forestal, un plan de repoboación con especies autóctonas e reforzará a promoción dos produtos da provincia
- Convocará en xaneiro axudas para a pesca de baixura, horticultura e sector vinícola e poñerá en marcha un banco de casas rurais deshabitadas, ademais de ofrecer becas aos alumnos do Campus cos mellores expedientes



O Goberno provincial esixe a Feijóo e Rajoy que cumpran co que lles pediron os veciños nos Orzamentos Participativos

- Aprobado un acordo plenario para reclamar aos Gobernos galego e central que atendan as 65 peticións de investimentos e medidas concretas da súa competencia que lles fixeron os lucenses. Trátase de 65 propostas, formuladas por veciños a título individual, ou ben por asociacións. Delas 54 son de competencia autonómica, e 11, de responsabilidade estatal.
- Reclámanlle á Xunta que dote canto antes ao Hospital de Lugo de Radio-terapia, Medicina Nuclear e Hemodinámica as 24 horas; residencias públicas da terceira idade na comarca de Lugo, en Becerreá e en Mondoñedo; un plan urxente para poñer en valor o antigo Hospital Xeral; plans de impulso do Camiño de Santiago, e que declare oficial o Camiño de Inverno; que remate os corredores da Costa e de Monforte, o Plan Paradaí de Lugo, e a Rolda Leste; e que aposte economicamente polo rural adecuando a Lei de Montes á realidade galega, potenciando a biomasa e o sector forestal, as cooperativas agrarias e gandeiras, e os produtos agroecolóxicos.
- Polo que respecta ás demandas dirixidas ao Goberno de Rajoy, refírense sobre todo a infraestruturas. Os lucenses piden as autovías a Santiago e Ourense, a mellor sinalización e seguridade da A-8 ou a estación intermodal de Lugo.



Aos eleitos e as eleições: o milagre de Loures

O CARÁCTER
INTERNACIONALISTA
DO POVO PORTUGUÊS...

Intervenção de Bernardino Soares, membro do Comité Central, Loures, Encontro Nacional do PCP «Não ao declínio nacional. Soluções para o País»

A tarefa mais importante que temos até às eleições legislativas é a de demonstrar ao povo que temos soluções para o país e de que para elas serem possíveis o PCP e a CDU têm de ter mais força e mais votos; demonstrar que outra política é possível e que os partidos não são todos iguais. Nas autarquias fazemos essa demonstração e o que fazemos nas autarquias estamos em condições de fazer no país.

Aqui em Loures muitos não acreditavam na vitória da CDU, quando nas eleições anteriores o PS atingira 48% contra 28% nossos – mas ela aconteceu. E cá estamos para concretizar uma política alternativa como em todas as autarquias da CDU.

Aqui em Loures, ao contrário do Governo que preferiu cortar nos salários e nas pensões, renegociámos uma parte significativa da nossa dívida – mais de 8 milhões de euros a pagar em dois anos em vez de em dois meses; ao contrário do Governo acabámos com os favorecimentos, renegociámos contratos, reduzimos os gabinetes e as avenças; por isso conseguimos, com mais atividade e menos 5 milhões de euros de receita, diminuir a dívida em 18,6 milhões desde o início do mandato.

Aqui em Loures, ao contrário do Governo que aplicou e mantém o enorme aumento de impostos, as taxas não aumentaram e algumas foram mesmo reduzidas, a água não aumentou e o IMI até baixou ligeiramente em 2015 e vai baixar mais um pouco em 2016.

Aqui em Loures, ao contrário do Governo, estamos a melhorar os serviços públicos, por exemplo na recolha do lixo e no abastecimento de água – que o PS degradou profundamente – ou no reforço do horário de iluminação pública.

Aqui em Loures, enquanto o Governo privatiza tudo o que pode, impedimos a privatização da água e dos resíduos dos serviços municipalizados no território de Odivelas e vamos impedir a privatização da Valorsul. Já na próxima segunda-feira, por proposta de Loures, em que se juntam

todos os outros municípios participantes, vai ser provavelmente aprovada em assembleia geral a exclusão da EGF de sócio da Valorsul, por atos lesivos à sociedade, colocando um pedregulho no caminho da privatização que o Governo já dava como certa.

Aqui em Loures, ao contrário do Governo que corta na educação, investimos em obras nas escolas 1,5 milhões em 2014, com a criação de mais 4 salas de jardim de infância, a diminuição dos regimes duplos de 91 para 54 e a contratação de mais auxiliares.

Aqui em Loures queremos mais investimento e por isso aprovámos um empréstimo de 12 milhões de euros para os próximos dois anos, para aplicar em escolas, na rede viária e na reabilitação urbana. E chegaremos ao final do mandato com menos dívida de empréstimos e menos serviço da dívida bancária em cada ano. Já o Governo, apesar de cortar radicalmente no investimento, aumentou brutalmente a dívida e paga cada vez mais juros.

Aqui em Loures acordámos com os sindicatos as 35 horas, enquanto o Governo continua teimosamente a querer impor as 40 horas com prejuízo para os trabalhadores e para os serviços pú-

blicos. Ao contrário do Governo, que despede, abrimos concursos para mais de 50 trabalhadores.

Ao contrário do Governo estamos de cara levantada perante a população; não conseguimos resolver todos os problemas, mas falamos verdade. Não prometemos o que não podíamos cumprir e incentivamos a participação da população; fizemos no primeiro ano de mandato mais de 50 sessões públicas com evidentes benefícios para o acerto das opções tomadas. O Governo foge do povo e só sai à rua quase em segredo e pela porta dos fundos.

Connosco em Loures, o município vai ficando melhor; com os governos PS, PSD o CDS, o país está diferente de facto, mas para pior. É indispensável que os eleitos, designadamente os autarcas, estejam neste combate. Os autarcas e os eleitos em geral, porque demonstram todos os dias a diferença do Partido e da CDU, podem ter um papel determinante no esclarecimento e na divulgação das nossas propostas. Porque estão próximos da população e podem transformar essa proximidade em mais apoios e mais votos na CDU. Porque os eleitos do PCP e da CDU contactam com trabalhadores, com micro pequenos e médios empre-

sários, com coletividades, com escolas, com muita gente e por isso podem contribuir decisivamente para o alargamento dos apoios à CDU, indispensáveis para um bom resultado eleitoral, tal como acontece nas autarquias.

Por tudo isso nenhum eleito pode ficar no gabinete à espera que as eleições legislativas passem como se fossem tarefa apenas de outros camaradas e ativistas do Partido e da CDU. E enganam-se profundamente aqueles que pensarem que não é muito bom para o trabalho autárquico intervir nas questões nacionais. É precisamente ao contrário: se desvalorizarmos as questões do futuro do nosso país e a intervenção para a mudança, isso terá consequências negativas na influência política e eleitoral local.

Não há aqui dois combates políticos, um local e outro nacional. A luta pela política patriótica e de esquerda é uma só e todos temos de estar empenhados nela. Foi possível outro caminho para este concelho, apesar da política do Governo, tal como é possível perante os desmandos da União Europeia e do diretório das grandes potências, construir outro caminho para Portugal. Vamos a isso camaradas!



- Se tem um problema intrincado
Vê-se grego
- Se não compreende alguma coisa
"aquilo" é chinês
- Se trabalha de manhã à noite
Trabalha como um mouro
- De vê uma invenção moderna
É uma americanice
- Se alguém fala muito depressa
Fala como um espanhol
- Se alguém vive com luxo
Vive à grande e à francesa
- Se alguém quer causar boa impressão
É só para inglês ver
- Se alguém tenta regatear um preço
É pior que um cigano
- Se alguém é agarrado ao dinheiro
É pior que um judeu
- Se vê alguém a divertir-se
Está a gozar que nem um preto
- Se vê alguém com um fato claro vestido
Parece um brasileiro
- Se vê uma loura alta e boa
Parece uma autêntica sueca
- Se quer um café cortinho
Pede uma italiana
- Se vê horários serem cumpridos
Trata-se de pontualidade britânica
- Se vê um militar bem fardado
Parece um soldado alemão
- Se uma máquina funciona bem
É como um relógio suíço
- Mas quando alguma coisa corre mal
É "à PORTUGUESA"

Valença

Pacto do Rio Minho Transfronteiriço: Autarcas apresentam programa conjunto para captar mais financiamento

Quinze autarcas do Vale do Minho e Baixo Miño galego assinaram, esta manhã, em Valença, o Pacto do Rio Minho Transfronteiriço, com o objetivo de dar voz política à fronteira do rio Minho através da apresentação de um projeto comum ao Interreg V A Portugal/Espanha numa estimativa orçamental global na ordem dos 6 milhões de euros. Grupo reforça laços territoriais de proximidade e apela a uma melhor distribuição de financiamentos comunitários para o Norte de Portugal/Galiza.

Os seis municípios do Vale do Minho – Caminha, Melgaço, Monção, Valença, Vila Nova de Cerveira e Paredes de Coura – e nove concelhos do Baixo Miño, Galiza – A Caniza, A Guarda, Arbo, As Neves, Crecente, Rosal, Salvaterra do Miño, Tomiño e Tui –, subscreveram o projeto Uniminho ECOTUR 2.0 a candidatar na 1ª convocatória do Programa Interreg V A Portugal/Espanha, aprovado em fevereiro pela Comissão Europeia, cuja abertura está prevista para o primeiro semestre de 2015. Dando continuidade à atual versão, cofinanciada pelo POCTEP 2007-2014, o projeto Ecotur 2.0 sustenta-se no levantamento e sistematização já realizada para desenvolver um conjunto de atividades, nomea-



■ pe de foto grupo sobre o Minho

damente a implementação do Plano de Expansão da Rede de Corredores Verdes Transfrontei-

riços; a valorização do património natural, cultural e vernacular do rio Minho

Transfronteiriço; ações piloto de conservação e proteção da biodiversidade rural e urbana;

implementação de programas de educação e sensibilização ambiental; e gestão e promoção dos corredores verdes do rio Minho transfronteiriço. O investimento total previsto nos dois lados da fronteira é de 6 milhões de euros para o período 2015/2018.

Perante uma forte presença de comunicação social portuguesa e espanhola, o presidente da Uniminho, Manoel Batista, afirmou que este pacto “é o ponto de partida para o reforço desta cooperação que vai definir qual o caminho a seguir para captar mais fundos comunitários para este território transfronteiriço. “Ao longo dos anos, os fundos dos programas de apoio à cooperação transfronteiriça acabam por ser mais gratificantes para zonas localizadas longe da fron-

As autoridades portuguesas no momento de asinar o documento



■ *Presidente da Câmara de Caminha, Miguel Alves*



■ *Presid. Câmara Municipal de Melgaço, Manoel Bautista Calçada*



■ *Presid. Câmara Monção, Augusto Domingues*



■ *Presid. Câmara de Paredes de Coura, Vitor Paulo Pereira*



■ *Presid. Câmara Municipal de Valença, Jorge Manuel Salgueiro Méndez*



■ *Presid. Câmara Muni. Vilanova de Cerveira, João Fernando Brito*

teira e é contra isto que queremos marcar agenda e que queremos que seja diferente no próximo quadro comunitário”, assegurou.

Realçando que as ligações transfronteiriças entre o rio Minho “são permanentes e quotidianas”, o também autarca de Melgaço não tem dúvidas de que esta cooperação também tem de ser definitiva para contribuir para a melhoria da qualidade de vida das populações. Desta forma, explicou, “era importante voltar a juntar os alcaldes desta zona para pensar o futuro e pensar o próximo quadro comunitário de cooperação transfronteiriça”.

O presidente da Câmara Municipal de Valença também valorizou a ideia de que este passo garante que a cooperação transfronteiriça destes territórios “está viva e com ganas de continuar em frente”. Jorge Mendes salientou que o pacto “serve para dizer aos governos português e espanhol que as

verbas que vem para as fronteiras infelizmente são muito reduzidas”, indicando que apenas 20% dos fundos atribuídos pelo POCTEP foram gastos de facto em concelhos fronteiriços do Norte de Portugal-Galiza.

O autarca de Tui enalteceu a zona maravilhosa para viver e as suas potencialidades no âmbito do turismo de natureza. Moisés Rodrigues recordou que, se em tempos, a fronteira era um elemento de separação de

povos, nos últimos anos, portugueses e espanhóis preocupam-se em apagar essas diferenças e reforçar a existência de uma raia única.

Para além dos 15 concelhos signatários do Pacto, o projeto

Uniminho – ECOTUR 2.0 está aberto à adesão de outras entidades locais e regionais que tenham como missão preservar e promover a biodiversidade do rio Minho e das suas margens. Para esse efeito, vai ser encetado um conjunto de contactos na Galiza e Norte de Portugal, de modo a mobilizar uma parceria mais alargada e abrangente do ponto de vista de atuações sobre este território. A constituição de um organismo de cooperação transfronteiriça (com ou sem personalidade jurídica) para continuar a defender este processo de desenvolvimento e de dos interesses das populações da fronteira do rio Minho vais ser avaliada em plenário no prazo de seis meses.

Os 15 concelhos subscritores deste pacto têm uma população de cerca de 160 mil habitantes e 1560 km² de área territorial, com uma densidade populacional de 103 habitantes por Km².



■ pe de foto grupo sobre o Minho

As autoridades galegas no momento de asinar o documento



■ Tenente de Alcalde de A Cañiza,
Tomás da Silva Carvalho



■ Alcalde de A Guarda
José Manuel Domínguez Freitas



■ Alcalde do Concello de Arbo,
Horacio Gil



■ Alcalde de As Neves,
Raúl Emilio Castro Rodríguez



■ Alcaldesa de Crecente,
Marisol Gómez Domínguez



■ Tenente de Alcalde de O Rosal
Mª del Carmen Alonso Alonso



■ Alcalde de Salvaterra de Miño
Arturo Grandal Vaqueiro



■ Alcaldesa de Tomiño,
Sandra González Álvarez



■ Alcalde do Concello de Tui,
Moisés Rodríguez Pérez

O Concello de Sober promocionouse en Expourense

O cartel da XXXV Feira do Viño de Amandi foi o gañador nun concurso celebrado no Salón Internacional de Turismo Gastronómico.

O Consorcio de Turismo Ribeira Sacra recibiu o premio á Internacionalización

O XVI Salón Internacional de Turismo Gastronómico (Xantar) en Expourense, adicou unha xornada ao Concello lugués de Sober. Este concello mantivo aberto na feira un stand e o restaurante da Escola de Hostalería de Rosende. Sober celebra, os días 28 e 29 de marzo, a XXXV Feira do Viño de Amandi, a máis veterana da Ribeira Sacra, que este ano está adicada ao concello ourensán de A Teixeira.

O V Concurso de carteis de Festas Gastronómicas que se celebrou en Xantar, distinguiu como gañador o traballo de Andrea Rodríguez co que Sober anuncia a XXXV Feira do Viño de Amandi. O premio foi entregado pola conselleira do Medio Rural, Rosa Quintana. Recibiu o galardón, no nome do Concello de Sober e da autora, o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra. No concurso participaron arredor de 40 carteis. O alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián, agradece de novo o traballo de Andrea Rodríguez e a distinción que recibe o seu cartel e que novamente "contribuirá a que a Feira do Viño de Amandi siga chegando a máis e máis xente".

Sober organizará un concurso de selfies para a XXXV Feira do Viño de Amandi. O rexedor promove esta iniciativa despois do éxito que tiveron as fotografías que se difundiron da presentación en Santiorxo da Feira e do Mes do Amandi. En concreto, a imaxe do cartel anunciador da Feira foi vista por máis de 15.100 persoas en tan só tres días. O cartel, elaborado pola monfortina Andrea

R o -
drí-

quez, obtivo 268 Me Gusta e foi compartido por 182 perfís, entre os que están a páxina do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra e o Centro do Viño de Monforte. Os selfies terán que facerse ao longo dous días que dura a XXXV Feira do Viño de Amandi, en calquera lugar de Sober, pero coa obriga de que garden relación coa temática da celebración. A persoa gañadora, que debe figurar na fotografía, levará un lote de viño de todas as adegas participantes. Ademais do concurso de selfies, nos vindeiros días o Concello de Sober lanzará un sorteo na rede social Facebook, a través da súa conta www.facebook.com/concello.desober, no que poderán participar todos e todas os seguidores desta páxina. A persoa que resulte agraaciada levará como obsequio un lote de produtos de Amandi. O alcalde de Sober agradece a implicación de todos os seguidores que o Concello ten no Facebook e no Twitter que coa súa interacción "axudan a que a feira traspase as nosas fronteiras e consiga repercusión en todo o mundo".

Debuxo infantil

A soberina Lisbeth Sánchez Díaz é a gañadora do I Certame de Debuxo Infantil da XXXV Feira do Viño de Amandi cun traballo sobre "O cultivo da vide na Ribeira Sacra". O Concello de Sober empregará a imaxe para imprimir 10.000 adhesivos que entregará a fin de semana da Feira. A gañadora ten 11 anos, é de Souto-novo, Anllo Santo Estevo, e estuda no CEIP Virxe do Carme de Sober.

En total participaron no certame máis de 30 nenos e nenas do CEIP Virxe do Carme de Sober e 8 nenos e nenas do CEIP Monte Valiño de Pantón. O Concurso estaba aberto para todos os centros educativos da Comarca de Lemos. O xurado estivo formado por Sol Ocampo Álvarez e Doa Ocampo Álvarez, ambos os dous irmáns artistas e expertos en artes plásticas e debuxo. A gañadora recibirá o seu premio o domingo despois da lectura do pregón da Feira do Viño de Amandi. Todos os traballos estarán expostos durante a XXXV Feira do Viño de Amandi e ata o 15 de abril na Casa da Cultura de Sober.

Pregoeiro

O alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián, recibiu a confirmación oficial por parte de Enrique Cerezo, quen aceptou o convite para ser o pregoeiro da XXXV Feira do Viño de Amandi. Amais de presidente do Atlético de Madrid é un destacado produtor de cine. Tras o convite do Concello de Sober, Enrique Cerezo trasladoulle ao alcalde o seu interese por participar na XXXV Feira do Viño de Amandi, que este ano se celebrará o 28 e 29 de marzo. En concreto, Cerezo lerá o pregón o domingo día 29 ás 13:00 horas. O rexedor destaca a presenza en Sober de persoeiros de gran re-



■ Luís Fernández Guitián, alcalde de Sober, primeiro pola esquerda, con outras autoridades brindando con viño Amandi no espazo de Vila de Cruces.

levancia como foron, por exemplo, David Cal e Carlos Núñez, os dous últimos pregoeiros, aos que este ano se suma o recoñecido Enrique Cerezo. "É un personaxe destacado e coñecido e o noso obxectivo é que os pregoeiros que veñan a Sober poidan difundir todos os nosos tesouros e cremos que Cerezo pode levar o noso nome e o do noso viño polo mundo enteiro", conclúe o alcalde.

Pola súa banda o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra recibiu de XANTAR o premio á

Internacionalización como "mellor acción promocional en materia de turismo 2015". Recoñeceu o recoñecemento a xerente do Consorcio de Turismo, Alexandra Seara, quen atendeu o stand de información turística onde se promocionou o programa "Regala Ribeira Sacra", entre outras accións e soportes promocionais.



■ Recoñecemento ao Concello de Sober pola súa participación en Xantar 2015.



■ O alcalde de Sober na celebración do Día adicado ao seu Concello, co cónsul de Costa Rica.



■ Alexandra Seara recibiu para o Consorcio de Turismo o premio á Internacionalización.